**INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA ESCOLA DE TRABALLO SOCIAL**

O 22 de maio de 2018 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Escola de Traballo Social correspondente á revisión do curso 2016-2017, solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PM-01 Medición, análise e mellora do Sistema de garantía de calidade da Universidade de Santiago de Compostela.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:**

De acordo co proceso de Medición, análise e mellora (Código: PM-01) a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.
Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de garantía de calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

**INFORME:**

A Memoria de calidade 2016-2017 da Escola de Traballo Social , recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introdución
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras do centro
- Anexo. Informes de seguimento dos títulos impartidos no centro

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se **informa favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado da memoria á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

Pilar Martínez García

Xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/C0EE-46B2-4728-B64A
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: C0EE-46B2-4728-B64A**

# Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer: MARIA PILAR MARTINEZ GARCIA,** XEFA DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/06/2018 15:11:54.

**CSV: C0EE-46B2-4728-B64A**

# MEMORIA DE CALIDADE

## Escola Universitaria de Traballo Social
## (Centro adscrito á USC)

## Curso Académico:2016 /2017

## Índice

1. **Introdución** ....................2
2. **Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade** ....................3
3. **Plan de Melloras do Centro** ....................9
4. **Anexo: Informes de seguimento** ....................42

## 1. Introdución

A Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS), entidade adscrita á Universidade de Santiago de Compostela (USC) desde 1983, depende da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*. Esta Fundación é a entidade xurídica titular da Escola Universitaria, foi declarada de interese galego e de interese docente, e tal e como recollen os seus Estatutos ten por obxecto a promoción e realización, sen ánimo de lucro, de actividades socio-educativas.

Desenvolve a súa política de calidade tendo como referencia a política de calidade da USC, e o Sistema de Garantía Interna de Calidade propio (SGIC) que responde ás características específicas do centro.

Nesta Memoria de Calidade da EUTS, correspondente ao curso académico 2016-2017, recóllese información relativa ao SGIC, e comprende os seguintes documentos:

.-Informe de seguimento do título de Grao en Traballo Social 2016-2017.

.-Plan de melloras do centro (revisión das acción de mellora do curso 2016-2017 e o plan de melloras para o curso 2017-2018).

No centro impártese no curso obxecto de análise so a titulación de Grao en Traballo Social, polo que o ámbito de aplicación do SGIC afecta so a esta.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da USC, e o Manual do SGIC e procesos asociados, tense en conta tamén:

.-A Memoria de Verificación do Título de Grao en Traballo Social

.-O Informe final de Renovación da Acreditación do título

.-Regulamentos propios do centro

.-Acordos dos Órganos de goberno e Comisións do centro.

Esta Memoria de calidade correspondente ao curso 2016-2917 foi aprobada pola Comisión de Calidade do Centro e Xunta Delegada de Centro o 21 de maio de 2018.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O desenvolvemento do SGIC corresponde aos órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no mesmo: Equipo Directivo, a Comisión de Calidade do Centro (CCC), a Comisión de Título (CT), a responsable de calidade do centro e a coordinadora de título.

A Comisión de Calidade do Centro está composta por:

.-A Directora da EUTS, que convoca e preside.

.-A Responsable de Calidade do Centro.

.- A Coordinadora de Título.

.-Dous membros do profesorado do centro.

.-Representante do persoal de administración e servizos .

.-Unha alumna titora.

A actividade da Comisión de Calidade do Centro (CCC) no curso 2016-2017, ademáis das cuestións ordinarias, estivo marcada polo sinalado no Informe final de Renovación da acreditación do título de xuño de 2016, en canto a aspectos a modificar na Memoria de Verificación do Título de Grao en Traballo Social (MVT) e no relativo ao SGIC e o seu desenvolvemento.

As reunións celebradas pola CCC ao longo do ano académico 2016-2017 foron:

**21 de outubro de 2016**:

Posta en común de tarefas realizadas en relación a dar cumprimento ao sinalado no Informe de Verificación, estado das acción de mellora e análise de indicadores de cara á realización do Informe de Seguimento 2015-2016.

Faise unha análise das distintas actuacións a realizar para iniciar, e levar a cabo o proceso de cara a modificar a MVT, e que órganos do centro están implicados no mesmo:

- En relación aos grupos de titorías presenciais.

- A realizar a declaración de intencións ao Servizo de Xestión dá Oferta e Programación Académica (SXOPRA) para modificar o plan de estudos.
  -Solventar a discordancia en canto á tipoloxía da asignatura Prácticas de Investigación en Traballo Social.

No relativo ao SGIC e as recomendacións do IRA procede :

- Deseñar medidas para participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción.
- Particularización do Manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade marco da Escola.
- Distribución de funcións entre a Comisión de Calidade e a Comisión de Título.
- Elaborar o Plan estratéxico do centro no que se definan os obxectivos estratéxicos do centro e as accións para logralos.
- Crear un comité consultivo formado por representantes de grupos de interese externos.

En canto aos recursos humanos do centro en base ao IRA:

- Elaborar un protocolo para a concesión de axudas económicas para a participación activa en congresos, seminarios e outras reunións de carácter científico.

- Xestionar o acceso a programas de formación da USC ante o órgano competente.

Sobre egresados e a inserción laboral do título, para incluír no Informe de Seguimento, establécese:

- Complementar os datos de inserción laboral alternativos aos estudos realizados pola ACSUG, a través dunha enquisa propia ás persoas egresadas.

**28 de outubro de 2016:**

Dase a coñecer o cambio na composición da CCC debido a que unha docente pasa a ser a nova Coordinadora de título dado que a persoa que desempeñaba esta responsabilidade causa baixa no centro a petición propia.

Abórdase a análise da satisfacción dos egresados cos servizos do centro, a información da que se dispón e as taxas. Acordouse que é necesario deseñar unha acción de cara a mellorar os datos obtidos.

**19 de xaneiro de 2017:**

Analízanse os resultados das enquisas de avaliación de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, coas prácticas externas, satisfacción do profesorado coa docencia impartida, dos titores profesionais e titoras académicas coas prácticas externas, satisfacción do PAS co seu traballo. Así mesmo analízanse as taxas de participación nas distintas enquisas de avaliación, e as medidas implementadas para incrementar a mesma.

**25 de xaneiro de 2017:**

Apróbase o informe de seguimento correspondente ao curso 2015/2016. Documento ao que se incorporaron as accións de mellora en base ao análise feito dos valores dos distintos indicadores.

**1 de marzo de 2017:**

Apróbase a Memoria de Calidade correspondente ao curso 2015/2016, o que supón o feche do ciclo do SGIC para este curso académico.

**12 de maio de 2017:**

Prográmase a elaboración de documentos pendentes de elaboración como a Planificación Estratéxica da EUTS, tomando como base a Planificación Estratéxica da USC e a Guía de referencia.

**1 de xuño de 2017:**

Como primeiro paso para elaborar a Planificación Estratéxica da EUTS defínense a misión, visión e valores do Centro. Así mesmo iníciase a análise DAFO vendo os puntos fortes e os puntos débiles da EUTS.

**27 de xuño de 2017:**

Continúase coa análise DAFO para elaborar a Planificación Estratéxica da EUTS, e apórtanse ideas para chegar a establecer ameazas e oportunidades da EUTS.

Para definir as estratexias posibles empregase a análise CAME abordando a confrontación entre oportunidades-ameazas e fortalezas-debilidades.

**11 de xullo de 2017:**

Revísanse as liñas estratéxicas definidas e obxectivos para cada unha delas, engadíndose algún obxectivo novo.

Defínense as accións a desenvolver para acadar os obxectivos sinalados, e os correspondentes indicadores de execución tendo como referente a táboa de indicadores do SGIC.

**18 de xullo de 2017:**

Revisión global da proposta provisoria da Planificación Estratéxica da EUTS, consensuando modificacións a realizar na mesma.

Defínese a estrutura e formato do documento e decídese enviar a proposta provisoria á Area de Calidade da USC para o seu estudo, de cara a posibles  suxestión por parte dese servizo, previo á aprobación definitiva da Planificación Estratéxica da EUTS por parte da CCC.

**Actuacións relevantes da CCC en relación ao SGIC:**

No curso 2016-2017 a maioría da actividade da CCC vai derivar das obrigas e recomendacións contempladas no IRA, así cabe destacar:

-O deseño dun protocolo para conceder axudas económicas para fomentar a participación activa do PDI en reunións de carácter científico.

-O deseño de medidas para incrementar a participación dos distintos grupos de interese nas enquisas de satisfacción.

-Facer aportacións para diferenciar a distribución de funcións entre a CCC e a Comisión de Título.

-Deseño de enquisa propia para obter datos de inserción laboral de egresados do centro.

-Definir a composición do Comité consultivo.

-Elaboración da Planificación Estratéxica da EUTS.

Ao sinalado hai que engadir o Informe de seguimento e a Memoria de calidade correspondente ao curso 2015-2016.

**Principais indicadores do SGIC:**

Os resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna do Centro para o ano académico 2016-2017 son facilitados pola Area de Calidade da USC. Esta ponos a disposición do centro para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC .

Os principais indicadores para a EUTS preséntanse a continuación e foron obxecto de análise no Informe de seguimento 2016-2017:

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| **Prazas ofertadas IN1G-PC-05** | 90,00 | 90,00 | 90,00 | 90,00 | 80,00 | 80,00 |
| **Matrícula IN2G-PC-05** | 355,00 | 387,00 | 348,00 | 304,00 | 272,00 | 254,00 |
| **Matrícula de novo ingreso IN3G-PC-05** | 173,00 | 128,00 | 94,00 | 81,00 | 63,00 | 81,00 |
| **Matrícula de inicio de estudos IN4G-PC-05** | 89,00 | 86,00 | 52,00 | 65,00 | 62,00 | 77,00 |
| **Variación de matrícula de inicio de estudos IN5G-PC-05** | -4,30 | -3,37 | -39,53 | 25,00 | -4,62 | 24,19 |
| **Taxa de abandono durante o primeiro curso IN40G-S01-PM-01** | - | 5,38 | 11,24 | 12,05 | 17,39 | 4,84 |

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| **Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G-PC-05** | 6,72 | 6,26 | 6,34 | 6,31 | 6,48 | 6,50 |
| **Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G-PC-05** | 71,71 | 45,35 | 48,08 | 50,00 | 61,29 | 57,89 |
| **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G-PC-05** | 1,13 | 1,55 | 1,15 | 1,32 | 1,10 | 0,39 |
| **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia IN09G-PC-05** | 2,54 | 2,33 | 1,44 | 0,99 | 1,47 | 2,36 |
| **Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G-PC-05** | 70,00 | 53,33 | 38,89 | 52,22 | 60,00 | 63,75 |
| **Taxa de ocupación (%) IN12G-PC-05** | 98,89 | 95,56 | 57,78 | 72,22 | 77,50 | 96,25 |

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| **Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresa e institucións IN22G-PC-09** | 96,10 | 67,31 | 70,10 | 84,62 | 93,75 | 96,15 |
| **Taxa de abandono RD 1393/2007 IN41G-S01-PM-01** | - | - | - | 15,05 | 23,60 | 16,87 |
| **Taxa de éxito dos egresados(%) IN50G-S01-PM01** | - | - | - | - | 96,90 | 94,70 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Taxa de idoneidade na graduación (%) IN51G-S01-PM01** | - | - | - | - | 60,67 | 67,47 |
| **Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%) IN53G-S01-PM01** | - | - | - | - | 96,37 | 94,05 |

| | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|
| **Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (%)**<br><br>**IN19-PC-09 e o documento INF.06** | 4,52 | 4,52 | 4,11 | 4,70 |
| **Taxa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (%)**<br><br>**IN20-PC-09 e o documento INF.07** | 4,17 | 3,84 | 4,16 | 4,64 |
| **Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas**<br><br>**IN21-PC-09 e o documento INF.08** | - | 4,77 | 4,80 | 4,91 |

## 3. Plan de Melloras do Centro

**ACCIÓNS DE MELLORA DESENVOLTAS NO CURSO 2016-2017**

Da análise das Accións de mellora propostas no Informe de seguimento 2015-2016 para desenvolver no curso 2016-2017 obsérvase que se realizaron as que a continuación se sinalan, e das que se deron conta en distintas reunións da CCC e da CT:

- Incentivouse a participación do alumnado na avaliación da docencia recibida a través das enquisas de satisfacción da USC, por medio das distintas tarefas propostas.

- Fortaleceuse o papel da Comisión de Garantía de Calidade do centro clarificando as súas funcións en relación á CT.

-Elaborouse a proposta do Plan Estratéxico do Centro.

-Implementouse unha enquisa propia para obter datos da inserción laboral dos egresados.

-Deseñouse a composición do Comité consultivo do centro.

-Xestionouse ante a Vicerreitoría correspondente o posible acceso do persoal do centro á formación promovida pola USC.

-Actuacións de cara a establecer novos convenios de intercambio.

- Estudiouse a pertinencia de modificar a MVT en relación aos grupos de titorías presenciais, e realizouse a declaración de intencións a tal efecto.

-Contratouse estudio técnico de cara á mellora da cobertura wifi co centro.

-Creouse un espazo na web propia con información aos egresados.

-Publicitouse na web propia a inciativa " Solicita unha visita para coñecer o noso centro" para contribuír a difusión propia da titulación.

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-1 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Outros criterios |
| Análise causa | Baixa tasa de participación nas enquisas de satisfacción |
| Definición/<br>descrición proposta | Adoptar medidas de difusión para fomentar a cultura da calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción |
| Datas | Finalización: 29/12/2017; Inicio: 02/01/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 24/10/2017 |
| Responsables | Mª Jesús Castro Neo |
| Tarefa 1 | AM-1.1 |
| Descrición tarefa | Facilitar medios e tempo ao alumnado para fomentar a participación nas |

| | |
|---|---|
| | enquisas de satisfacción: habilitar horario na Aula de Informática para facilitar a cumplimentación das enquisas. |
| Data prevista de finalización | 22/12/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-1.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Incentivouse a participación do alumnado na avaliación da docencia recibida a través das enquisas de satisfacción da USC. Para isto, tanto no primeiro como no segundo cuadrimestre a Coordinadora de Título e os/as coordinadores/as de curso informaron nas aulas ó alumnado da apertura e duración dos prazos correspondentes. Xunto con esta acción, a posibilidade de participar en ditas enquisas foi difundida a través de carteis nas distintas aulas, así como nos puntos informativos do Centro (taboleiro, pantalla de entrada e web). Para facilitar e favorecer a participación este curso, no período establecido para o segundo cuadrimestre (24 de abril ao 23 do maio) ampliouse o horario da aula de informática. Dito espazo estivo a disposición do alumnado de 9:00 a 14:00 h. e de 15:00 a 20.00 horas. |
| Data Comprobación | 24/10/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 2 | AM-1.2 |
| Descrición tarefa | Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade dos SGIC. Promover no alumnado, a través do profesorado dos distintos cursos, a toma de conciencia sobre a importancia de participar nas enquisas |

| | |
|---|---|
| Data prevista de finalización | 22/12/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-1.2. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | A responsable de calidade enviou correo electrónico a todo o profesorado en cada cuadrimestre en relación á motivación ao alumnado para participar nas enquisas así como a comunicación da ampliación do horario da aula de informática |
| Data Comprobación | 24/10/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 3 | AM-1.3 |
| Descrición tarefa | Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web centro, correo electrónico, RRSS...) entre todos os grupos de interese (alumnado, egresados, profesorado e titores/as externos/as) |
| Data prevista de finalización | 15/12/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-1.3. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | O informe da Coordinadora de título recolle a seguinte información: Incentivouse a participación do alumnado na avaliación da docencia recibida a través das enquisas de satisfacción da USC. Para isto, tanto no primeiro como no segundo cuadrimestre a Coordinadora de Título e os/as |

| | |
|---|---|
| | coordinadores/as de curso informaron nas aulas ó alumnado da apertura e duración dos prazos correspondentes. Xunto con esta acción, a posibilidade de participar en ditas enquisas foi difundida a través de carteis nas distintas aulas, así como nos puntos informativos do Centro (taboleiro, pantalla de entrada e web). Para facilitar e favorecer a participación este curso, no período establecido para o segundo cuadrimestre (24 de abril ao 23 do maio) ampliouse o horario da aula de informática. Dito espazo estivo a disposición do alumnado de 9:00 a 14:00 h. e de 15:00 a 20.00 horas. |
| Data Comprobación | 24/10/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-2 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Outros criterios |
| Análise causa | A Comisión de Garantía de Calidade non exerce todas as función, parte das cales parecen exercerse pola Comisión de Título |
| Definición/ descrición proposta | Revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Escola, fortalecendo o papel da Comisión de Garantía de Calidade. Esta acción continua á AM-2 da axenda 2015-2016 |
| Datas | Finalización: 30/06/2017; Inicio: 26/12/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 22/12/2017 |
| Responsables | Mª Jesús Castro Neo |
| Tarefa 1 | AM-2.1 |
| Descrición tarefa | Particularización do Manual Simplificado de garantía interna de calidade marco, á Escola |
| Data prevista de finalización | 30/06/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Non executada |
| Comprobación Tarefa | AM-2.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | -- |
| Data Comprobación | 22/12/2017 |

| | |
|---|---|
| Incidencias | Elaborouse un borrador do mesmo e o día 21 de decembro solicitouse, a área de calidade, asesoramento sobre o seu contido, previo á súa aprobación definitiva |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 2 | AM-2.2 |
| Descrición tarefa | Elaboración do Plan Estratéxico do centro no que se definan os obxectivos estratéxicos do centro e as accións para logralos |
| Data prevista de finalización | 30/06/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-2.2. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Plan estratéxico remitido á USC que se adxunta en arquivo (Arquivo: PEenviadoaUSC_TraballoSocial_TODO.pdf) |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-3 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Outros criterios |
| Análise causa | O SGIC non xenera información sobre a inserción laboral e satisfacción de egresados |
| Definición/ descrición proposta | Realizarase no informe de seguimento unha análise da información sobre os egresados e a inserción laboral do título. |
| Datas | Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/11/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 22/12/2017 |
| Responsables | Mª Jesús Castro Neo |
| Tarefa 1 | AM-3.1 |
| Descrición tarefa | Intentarase obter datos de inserción laboral alternativos aos estudos realizados pola ACSUG, a través da realización dunha enquisa propia ás persoas egresadas |
| Data prevista de finalización | 29/12/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-3.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | -- (Arquivo: CT-23-201720decembro.pdf) |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |

| | |
|---|---|
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Comprobación Tarefa | AM-3.1. Comprobación Nº. 2 |
| Descrición Comprobación | No punto 1 da acta da Comisión de Título dase conta do proceso de obtención dos datos de inserción laboral |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 2 | AM-3.2 |
| Descrición tarefa | Creación dun Comité Consultivo formado por representantes de grupos de interese externo |
| Data prevista de finalización | 29/12/2017 |
| Responsable | Teresa Facal Fondo |
| Estado | Non Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-3.2. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | -- |
| Data Comprobación | 22/12/2017 |
| Incidencias | Tramitáronse contactos con persoas e institucións para formar parte do Comité Consultivo quedando pendente do acto formal de constitución |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-4 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Outros criterios |
| Análise causa | Dificultades para utilizar algunhas das ferramentas de xestión |
| Definición/ descrición proposta | Xestionar ante a reitoría a elaboración dun convenio marco para que, nos termos que se fixen nos mesmos, o persoal da Escola poida participar nas actividades formativas que desenvolve á USC tanto para o persoal docente e investigador como para o persoal de administración e servizos |
| Datas | Finalización: 29/12/2017; Inicio: 02/01/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 24/10/2017 |
| Responsables | Teresa Facal Fondo |
| Tarefa 1 | AM-4.1 |
| Descrición tarefa | Xestionar o acceso a programas formativos ante o órgano competente |
| Data prevista de finalización | 29/09/2017 |
| Responsable | Teresa Facal Fondo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-4.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Na acta da Comisión de Tïtulo de 29 de setembro, a Directora Teresa Facal, informa das xestións realizadas, no apartado de rogos e preguntas (Arquivo: CT-15-2017-29setembro.pdf) |
| Data Comprobación | 24/10/2017 |

| | |
|---|---|
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-5 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Outros criterios |
| Análise causa | Baixa participación do alumnado da EUTS nos programas de mobilidade. A Subcomisión recomenda facer un esforzo por incorporar convenios de mobilidade que resulten atractivos para os estudantes |
| Definición/ descrición proposta | Adoptar medidas para incorporar novos convenios para o alumnado da EUTS |
| Datas | Finalización: 28/07/2017; Inicio: 01/09/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 31/07/2017 |
| Responsables | Xoán Carlos Bascuas Jardón |
| Comprobación Acción | AM-5 |
| Descrición Comprobación | (Arquivo: informeERASMUxoan.pdf) |
| Data Comprobación | 31/07/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| Tarefa 1 | AM-5.1 |
|---|---|
| Descrición tarefa | Xestionar, co Servizos de Relacións Exteriores (SRE) da USC apoio para a localización, contacto e establecemento de novos convenios preferentemente de fala inglesa |
| Data prevista de finalización | 21/07/2017 |
| Responsable | Xoán Carlos Bascuas Jardón |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-5.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | -- (Arquivo: informeERASMUxoan.pdf) |
| Data Comprobación | 31/07/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-6 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Plan de Melloras da Acreditación |
| Ámbito de aplicación | Outros criterios |
| Análise causa | Non se perciben como imprescindibles para acadar as competencias establecidas, as titorías presenciais polo que non se están implementando. A Subcomisión indica que se deben levar a cabo actuacións para revisar a docencia das mesmas |
| Definición/<br>descrición proposta | Iniciar actuacións para a modificación da MVT e axustar a actividade docente das materias a súa implementación real, tendo en conta a normativa da USC. Esta acción de mellora é de continuidade ata o curso 2018-2019 |
| Datas | Finalización: 29/12/2017; Inicio: 01/09/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 18/12/2017 |
| Responsables | Teresa Facal Fondo |
| Tarefa 1 | AM-6.1 |
| Descrición tarefa | Estudiar a pertinencia de modificar a MVT en relación aos grupos de titorías presenciais |
| Data prevista de finalización | 23/12/2016 |
| Responsable | Teresa Facal Fondo |
| Estado | Executada |

| | |
|---|---|
| Comprobación Tarefa | AM-6.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Na Comisión de Título celebrada o día 4 de novembro de 2016, acórdase comunicar á Vicerreitoría competente, o inicio do proceso de modificación da MVT para dar cumprimento ao sinalado no Informe Final de Verificación. Acompáñase acta da reunión da CT (Arquivo: 4novembro16.pdf) |
| Data Comprobación | 18/12/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 2 | AM-6.2 |
| Descrición tarefa | Enviar declaración de intencións ao SXOPRA para modificar o plan de estudios |
| Data prevista de finalización | 22/12/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-6.2. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Con data 28 de abril de 2017 envíase por correo electrónico ao SXOPRA texto coa proposta de modificación da memoria do título de Grao en Traballo Social de Santiago. Acompáñase documento que se remitiú ao servizo (Arquivo: propostaenviadaUSC.pdf) |
| Data Comprobación | 18/12/2017 |

| | |
|---|---|
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-7 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 - Recursos materiais |
| Análise causa | Os problemas do edificio no que se ubica a titulación para o acceso das tecnoloxías da comunicación, fan que a cobertura para o acceso a internet sexa de baixa calidade. Os contactos coas compañías proveedoras confirman a imposibilidade de incrementar o ancho de banda e non se prevé a chegada da fibra óptica nun prazo breve |
| Definición/ descrición proposta | Solicitar a empresas de comunicación presupostos que melloren a calidade de recepción e acceso a internet. Solicitar un estudio que determine as posibilidades de mellora, ben a través de cableado, ben a través de wifi, e o presuposto das medidas de mellora |
| Datas | Finalización: 22/12/2017; Inicio: 01/09/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : -- |
| Responsables | Teresa Facal Fondo |
| Comprobación Acción | AM-7 |
| Descrición Comprobación | Está en funcionamento a conexión por fibra óptica e a mellora da sinal wifi desde o día 1 de marzo de 2017, tal e como se recolle na acta da |

| | |
|---|---|
| | Comisión de título do 20 de decembro de 2017 |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 1 | AM-7.1 |
| Descrición tarefa | Solicitar un estudio das canles de acceso a internet |
| Data prevista de finalización | 28/02/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-7.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Solicitouse a unha empresa técnica informe para o replanteo de wifi da EUTS. A empresa entrega dito informe con data 18 de outubro de 2016. A raíz do mesmo, a recomendación é ampliar os receptores de sinal pola EUTS e así se fixo no mes de novembro. A pesares das melloras introducidas e ainda que mellorou algo a sinal, as características propias do edificio impiden que esta sexa unha boa opción.<br><br>Nos informan que nestes momentos e posible que o centro teña acceso a instalación da fibra óptica. No mes de febreiro se contacta coa compañía que a está a implantar e se contrata o servizo coa mesma e se está en proceso de execución da instalación que quedará rematada en vindeiros días. |
| Data Comprobación | 24/02/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| Comprobación Tarefa | AM-7.1. Comprobación Nº. 2 |
|---|---|
| Descrición Comprobación | No punto 1 da acta da Comisión de Título que se acompaña, dase conta da solicitude de orzamentos e da situación actual do acceso a internet no centro (Arquivo: CT-23-201720decembro.pdf) |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-8 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento |
| Análise causa | Vistos os datos de satisfacción dos egresados cos servizos, a Comisión de Calidade propón implantar medidas que melloren a satisfacción deste grupo de interese. Os datos para os dous últimos cursos amosan unha mellora na valoración, si ben desde o Centro considérase baixa e mellorable |
| Definición/ descrición proposta | Creación dun espazo na web propia do centro, específicamente para os egresados, con información útil para este colectivo |
| Datas | Finalización: 22/12/2017; Inicio: 01/11/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 21/12/2017 |

| | |
|---|---|
| Responsables | Teresa Facal Fondo |
| Tarefa 1 | AM-8.1 |
| Descrición tarefa | Deseñar o contido para publicitar na páxina web do centro |
| Data prevista de finalización | 28/07/2017 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-8.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Na páxina web propia está creado un acceso denominado Egresados-Saídas profesionais e inserción laboral onde se vai incorporando información que se considera relevante para este colectivo. Punto 1 da acta da Comisión de Título do 20 de decembro de 2017 |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Comprobación Tarefa | AM-8.1. Comprobación Nº. 2 |
| Descrición Comprobación | -- (Arquivo: CT-23-201720decembro.pdf) |
| Data Comprobación | 21/12/2017 |
| Incidencias | -- |

| | |
|---|---|
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-9 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Necesidade de reforzar a difusión da titulación. Os resultados das enquisas ao alumnado de primeiro curso realizadas nos dous últimos anos académicos no mes de novembro, amosan que a canle principal de información sobre a titulación empregada polo alumnado é internet por iniciativa propia (37,5% en 2014-2015 e 32,2% en 2015-2016). Non obstante, son significativamente inferiores as porcentaxes das persoas que responden que a súa fonte de información foi a web propia do centro, o que leva á reflexión da necesidade de reforzar esta vía de información para aproximar máis o coñecemento da titulación a este centro ás persoas interesadas nestes estudos. |
| Definición/ descrición proposta | Crear un espazo na web do centro, en "Destacados", co nome: "SOLICITA UNHA VISITA PARA COÑECER O NOSO CENTRO" que dea a posibilidade, as persoas interesadas, de coñecer a titulación de grao en traballo social neste centro. |
| Datas | Finalización: 31/07/2017; Inicio: 01/09/2016 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 31/07/2017 |
| Responsables | María Elena Puñal Romarís |
| Tarefa 1 | AM-9.1 |

| | |
|---|---|
| Descrición tarefa | Deseñar o contido para publicitar na páxina web do centro e incorporala á mesma como destacado |
| Data prevista de finalización | 08/09/2016 |
| Responsable | María Elena Puñal Romarís |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-9.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Publicado na páxina web no enlace: http://www.euts.es/ShowItem.do?serviceId=134&itemId=433 |
| Data Comprobación | 19/01/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Taref | -- |
| Tarefa 2 | AM-9.2 |
| Descrición tarefa | Atención ás persoas que solicitan previa concertación de cita |
| Data prevista de finalización | 31/07/2017 |
| Responsable | María Elena Puñal Romarís |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-9.2. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | Informe da Coordinadora do título (Arquivo: Infvisitacentro.pdf) |
| Data Comprobación | 31/07/2017 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-10 (Curso 2016-2017) |
| Orixe | Propostas de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 - Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Para fortalecer a relación entre a EUTS e os Centros de Prácticas e como recoñecemento a labor realizada polos/as titores/as externos/as, o centro ofrece anualmente, unhas xornadas formativas dirixidas aos/as traballadores sociais que foron titores/as externos/as de alumnado da EUTS nos dous últimos cursos académicos. A elección da temática abordada faise tendo en conta as suxestións recibidas dos titores/as externos, a través da sondaxe que anualmente se leva a cabo, e empregando como criterio de elección a maior transversabilidade do tema, e a novidade e actualidade do mesmo. Esta actividade, pode contribuir á difusión do traballo profesional e por tanto, da titulación. O descenso da demanda da titulación nos últimos cursos pode responder, en certa medida, a falta de visibilidade da mesma, do que pode ser reflexo a escasa presencia da profesión nos medios de comunicación, entre estes, a prensa escrita |
| Definición/ descrición proposta | Difundir na prensa galega a celebración das xornadas formativas dirixidas aos traballadores/as sociais titores/as externos da materia Practicum do Grao en Traballo Social |
| Datas | Finalización: 30/06/2017; Inicio: 01/05/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | María Elena Puñal Romarís |
| Tarefa 1 | AM-10.1 |

| | |
|---|---|
| Descrición tarefa | Deseñar o contido da noticia, relativa a celebración das xornadas dormativas dirixidas aos/as traballadores/as sociais que foron titores/as externos/as de Practicum, e enviar aos periódicos de ámbito autonómico, ao colexio profesional de traballo social de Galicia e ao xornal da USC así como ao colectivo ao que vai dirixido |
| Data prevista de finalización | 30/06/2017 |
| Responsable | María Elena Puñal Romarís |
| Estado | Non Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-10.1. Comprobación Nº. 1 |
| Descrición Comprobación | -- |
| Data Comprobación | 22/12/2017 |
| Incidencias | A demanda por parte de profesionais titores externos non permitieu que a actividade poidera abrirse a outros profesionais e por tanto non se publicitou |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

**ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS PARA O CURSO 2017-2018**

Da análise de indicadores correspondentes ao curso 2016-2017, e da avaliación do nivel de execución das accións de mellora que se tiñan proposta para este ano académico, deriva o Plan de melloras que se propuxeron para o curso 2017-2018, algunhas deles veñen a dar continuidade ou reforzar algunhas xa contempladas en cursos anteriores:

- Seguir incrementando a participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción.

-Proposta de creación do Comité de Ética da EUTS vinculado ás tarefas de investigación.

-Constitución do Comité consultivo do centro.

- Particularización do Manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC.

-Mellora da conexión wifi no centro, e renovación de equipos da aula de informática.

-Reforzar a información dirixida ao alumnado de 4º curso sobre orientación laboral e continuidade de Estudos.

| ACCIÓN DE MELLORA 2017-2018 | |
|---|---|
| **Código** | AM-1 (Curso 2017-2018) |
| Orixe | Informe de seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento |
| Análise causa | Taxa de participación nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese |
| Definición/ descrición proposta | Reforzar e/ou manter as medidas de difusión para fomentar a cultura da calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción |
| Datas | Finalización: 28/12/2018; Inicio: 11/09/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa Eficacia : |
| Responsables | Mª Jesús Castro Neo |
| Tarefa 1 | AM-1.1 |
| Descrición tarefa | Facilitar medios e tempo ao alumnado para fomentar a participación nas enquisas de satisfacción: habilitar horario na Aula de Informática para facilitar a cumplimentación das enquisas. |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-1.2 |
| Descrición tarefa | Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade dos SGIC. Promover no alumnado, a través do profesorado dos distintos cursos, a toma de conciencia sobre a importancia de participar |

| | |
|---|---|
| | nas enquisas |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Activa |
| Tarefa 3 | AM-1.3 |
| Descrición tarefa | Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web centro, correo electrónico, RRSS...) entre todos os grupos de interese (alumnado, egresados, profesorado e titores/as externos/as), reforzando aqueles grupos cunha menor taxa de participación |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Activa |

| ACCIÓN DE MELLORA 2017-2018 | |
|---|---|
| **Código** | AM-2 (Curso 2017-2018) |
| Orixe | Proposta de mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | A análise da causa desta acción relaciónase coa necesidades de proporciona ao alumnado instrumentos que faciliten a súa tarefa investigadora, e que garantan as cuestións éticas e de cumprimento de normas nos procedementos empregados, O gran volume de actividade investigadora do alumnado da USC supón unha dificultade para desenvolver, nos prazos académicos establecidos, a actividade avaliadora do Comité de Bioética da USC, o que leva a formular a proposta de creación dun Comité de Ética propio da EUTS, coa intención de axilizar o proceso de revisión dos proxectos de investigación, presentados polo alumnado da EUTS, que aborden datos de carácter persoal. |
| Definición/<br>descrición proposta | Proposta de creación co Comité de Ética da EUTS, que xurde coa finalidade de garantir tanto o cumprimento dos aspectos éticos como as boas prácticas relativas á normativa de protección de datos, das investigacións nas que se empreguen datos de carácter persoal e que estean legalmente protexidos. Para levar a cabo esta acción considérase oportuno a elaboración dun "Borrador do Regulamento do Comité de Ética da EUTS", tendo como referencia para a súa redacción o Regulamento do Comité de Bioética da USC (aprobado polo Consello de Goberno do 14 de febreiro de 2011) |
| Datas | Finalización: 28/12/2018; Inicio: 11/09/2017 |

| | |
|---|---|
| Estado/Eficacia | Estado: Activa Eficacia : Eficaz; Data Estado: 06/04/2018 |
| Responsables | Teresa Facal Fondo |
| Tarefa 1 | AM-2.1 |
| Descrición tarefa | Elaboración do contido do borrador do "Regulamento do Comité de Ética da EUTS", tendo como referencia para a súa redacción o Regulamento do Comité de Bioética da USC (aprobado polo Consello de Goberno de 14 de febreiro de 2011) e realización das comunicacións e xestións que procedan ante a Vicerreitoría con competencias na materia. |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Teresa Facal Fondo |
| Estado | Activa |

| ACCIÓN DE MELLORA 2017-2018 | |
|---|---|
| **Código** | AM-3 (Curso 2017-2018) |
| Orixe | Informe de seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 3 – Sistema de Garantía de Calidade |
| Análise causa | Creación Comité Consultivo da EUTS |
| Definición/ descrición proposta | Creación e constitución do Comité Consultivo da EUTS formado por representantes de grupos de interese externos |
| Datas | Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/11/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa Eficacia : Eficaz; Data Estado: 06/04/2018 |
| Responsables | Mª Jesús Castro Neo |
| Tarefa 1 | AM-3.1 |
| Descrición tarefa | Nomeamento das persoas que forman parte do Comité Consultivo e convocatoria da reunión constitutiva |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Activa |

| ACCIÓN DE MELLORA 2017-2018 | |
|---|---|
| **Código** | AM-4 (Curso 2017-2018) |
| Orixe | Informe de seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 3 – Sistema de Garantía de Calidade |
| Análise causa | Revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continúa a AM-2 do curso anterior |
| Definición/ descrición proposta | Particularización do Manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC |
| Datas | Finalización: 28/12/2018; Inicio: 01/11/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa Eficacia : Eficaz; Data Estado: 06/04/2018 |
| Responsables | Mª Jesús Castro Neo |
| Tarefa 1 | AM-4.1 |
| Descrición tarefa | Elaboración da proposta de particularización de cada capítulo do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos procedementos da USC da documentación proposta |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Mª Jesús Castro Neo |
| Estado | Activa |

| ACCIÓN DE MELLORA 2017-2018 | |
|---|---|
| **Código** | AM-5 (Curso 2017-2018) |
| Orixe | Informe de seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5 – Recurso materiais |
| Análise causa | Os problemas do edificio no que se ubica a titulación dificulta a cobertura en toda a Escola do acceso ás tecnoloxías da comunicación. Pese ao esforzo realizado o curso anterior coa introdución de fibra óptica e antenas wifi, non se alcanzou o nivel esperado na calidade do servizo |
| Definición/ descrición proposta | Solicitar a distintas empresas estudios técnicos que, tendo en conta a estrutura do edificio, solventen os problemas detectados e mellore a calidade da sinal wifi en todas as instalacións da Escola así como presuposto para a realización das accións necesarias |
| Datas | Finalización: 28/12/2018; Inicio: 02/10/2017 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa Eficacia : Eficaz; Data Estado: 06/04/2018 |
| Responsables | Teresa Facal Fondo |
| Tarefa 1 | AM-5.1 |
| Descrición tarefa | Solicitar presuposto para a realización de melloras da sinal wifi en todas as instalacións |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Teresa Facal Fondo |
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-5.2 |

| | |
|---|---|
| Descrición tarefa | Renovación dos equipos de informática da Aula de Informática e adquisición de software |
| Data prevista de finalización | 28/12/2018 |
| Responsable | Teresa Facal Fondo |
| Estado | Activa |

| ACCIÓN DE MELLORA 2017-2018 | |
| --- | --- |
| **Código** | AM-6 (Curso 2017-2018) |
| Orixe | Proposta de Mellora |
| Ámbito de aplicación | Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento |
| Análise causa | A demanda do alumnado de 4º curso, sobre orientación para continuar estudos e en relación ás saídas laborais. En cursos anteriores realizáronse charlas informativas de opcións de continuación de estudos ao alumnado que remataba o grao que tiveron moi boa acollida por parte do alumnado. |
| Definición/<br>descrición proposta | Reforzar o contido e a entidade desta información e a súa estruturación nunha "Sesión de Orientación Laboral e Continuidade de Estudos". Esta sesión, dirixida ao alumnado de 4º curso ten como propósitos:<br>-Proporcionar ao alumnado a información sobre a posibilidade de continuar os seus estudos e ampliar a súa formación mediante cursos, doutoramentos, etc<br>-Orientar ao alumnado sobre as distintas opcións ás que poden optar no momento de enfrontarse á busca de emprego (emprego público, privado, exercicio libre da profesión)<br>-Instruír sobre o xeito de elaborar curriculums, acceder a bolsas ou participar en programas de voluntariado. |
| Datas | Finalización: 28/12/2018; Inicio: 02/04/2018 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa Eficacia : |
| Responsables | Mª Elena Puñal Romarís |

| | |
|---|---|
| Tarefa 1 | AM-6.1 |
| Descrición tarefa | Coordinación da EUTS co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a súa participación na sesión de orientación laboral |
| Data prevista de finalización | 29/06/2018 |
| Responsable | Mª Elena Puñal Romarís |
| Estado | Activa |
| Tarefa 2 | AM-6.2 |
| Descrición tarefa | Difusión da sesión a través de:<br>-Envío de correo electrónico ao alumnado matriculado en 4º curso presentando a sesión e recollendo suxestións de datas de celebración<br>-Publicación da información na páxina web da EUTS<br>-Publicación da sesión nos taboleiros por parte do negociado |
| Data prevista de finalización | 29/06/2018 |
| Responsable | Mª Elena Puñal Romarís |
| Estado | Activa |

## 4. Anexo: Informe de seguimento

| **1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO** | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Traballo Social |
| Mencións/Especialidades | ---- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | ---- |
| Centro responsable | Escola Universitaria de Traballo Social |
| Centro/s onde se imparte | Escola Universitaria de Traballo Social |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 240 ECTS |
| Profesión regulada | - |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2010/2011 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 30/06/2010 |
| Data renovación acreditación | 20/07/2016 |

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**
**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**
Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Aspectos a valorar:
- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Na Memoria de Verificación do Título está fixada a oferta de prazas en 90, e dado que nos dous cursos anteriores ao 2016-2017 produciuse unha tendencia á recuperación na matrícula de novo acceso, motivou que se fíxese unha proposta por parte do centro de ofertar 85 prazas no grao, 5 máis que a oferta aprobada

no curso anterior. Só nos foi aprobada unha oferta de 80 prazas para o curso 2016-2017 (IN01G-PC-05), igual á do curso anterior. Respecto ao curso ponte, debido ao descenso que tivo esta matrícula nos cursos anteriores e que ven sendo paulatina despois do terceiro ano de implantarse o mesmo, fíxose unha proposta de 5 prazas, a metade da oferta realizada no curso anterior.

A matrícula de novo acceso foi de 81 persoas (IN03G-PC-05), de este novo alumnado 2 persoas correspóndense coas alumnas de novo ingreso no curso ponte, polo que o dato do gran incremento respecto ao curso anterior débese ao alumnado de 1º curso. Destacar que a matrícula de novo ingreso por preinscrición pasou de 62 a 77 (IN04G-PC-05), o que supuxo un incremento do 24,19% respecto ao ano anterior (IN05G-PC-05), moi bo dato si temos en conta o descenso que se producira en cursos anteriores, e dá continuidade á mellora do dato de matriculados en relación a prazas ofertadas.

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Prazas ofertadas IN1G-PC-05** | 90,00 | 90,00 | 90,00 | 90,00 | 80,00 | 80,00 |
| **Matrícula IN2G-PC-05** | 355,00 | 387,00 | 348,00 | 304,00 | 272,00 | 254,00 |
| **Matrícula de novo ingreso IN3G-PC-05** | 173,00 | 128,00 | 94,00 | 81,00 | 63,00 | 81,00 |
| **Matrícula de inicio de estudos IN4G-PC-05** | 89,00 | 86,00 | 52,00 | 65,00 | 62,00 | 77,00 |
| **Variación de matrícula de inicio de estudos IN5G-PC-05** | -4,30 | -3,37 | -39,53 | 25,00 | -4,62 | 24,19 |
| **Taxa de abandono durante o primeiro curso IN40G-S01-PM-01** | - | 5,38 | 11,24 | 12,05 | 17,39 | 4,84 |

Desde o curso 2014-2015 observouse como se ía producindo un incremento na matrícula de inicio de estudios en 1º curso. No ano académico que é obxecto de análise é cando se produce o incremento máis importante (24,19%), hai que sinalar que o gran descenso no curso anterior ao mesmo hai que imputalo á baixada na demanda de acceso respecto ao curso ponte.

Relevante é o descenso na taxa de abandono durante o primeiro curso, que acadou a cifra máis baixa desde a implantación do grao, o valor de 4,84 (IN40G-S01-PM-01) é a cuarta parte da taxa de abandono do curso anterior (17,39).

Destacar que o centro nos tres últimos anos ven levando a cabo actuacións de cara á divulgación do grao, e incrementar así a demanda de acceso a partires de terse observado un descenso na matrícula de novo

ingreso no grao. Iniciouse no curso 2014-2015 unha campaña adwords en Google sobre a titulación coincidindo co período de matrícula, realizouse contacto telefónico con 259 orientadores de centros de ensino medio (35 máis que no curso anterior) para remitirlle información e a oferta de realizar un docente da EUTS unha charla in situ. Así mesmo o centro participou en 7 feiras de divulgación das ensinanzas universitarias, e en 4 charlas informativas sobre esta titulación.

Na enquisa propia realizada ao alumnado de novo ingreso e que cumprimentaron 67 deles, sinalaron que a principal canle de coñecemento dos estudos foi internet, un 8,5% manifestou que coñeceu a titulación a través dos orientadores dos seus centros de ensino. A través da iniciativa posta en marcha polo centro "Solicita unha visita" que se publicita na web propia, tivéronse 11 peticións e foron atendidas 14 potenciais alumnos e alumnas.

O descenso de alumnado no curso ponte vai ter incidencia e reflexo no volume da matrícula do conxunto do grao, sumado ao gran descenso de matrícula de novo ingreso que tivo lugar en curso 2013-2014. Así o número de estudantes matriculados no curso académico 2016-2017 foi de 254 (IN02G-PC-05), sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade entrante no grao, foron 18 menos que no curso 2015-2016, baixa inferior a que tivera lugar en dito curso (-32, imputable a caída de matrícula no curso ponte).

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| **Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G-PC-05** | 6,72 | 6,26 | 6,34 | 6,31 | 6,48 | 6,50 |
| **Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G-PC-05** | 71,71 | 45,35 | 48,08 | 50,00 | 61,29 | 57,89 |
| **Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G-PC-05** | 1,13 | 1,55 | 1,15 | 1,32 | 1,10 | 0,39 |
| **Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia IN09G-PC-05** | 2,54 | 2,33 | 1,44 | 0,99 | 1,47 | 2,36 |
| **Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G-PC-05** | 70,00 | 53,33 | 38,89 | 52,22 | 60,00 | 63,75 |
| **Taxa de ocupación (%) IN12G-PC-05** | 98,89 | 95,56 | 57,78 | 72,22 | 77,50 | 96,25 |

A nota media de acceso ao grao tivo un lixeiro incremento respecto ao curso anterior e ven tendo unha subida paulatina nos últimos cursos (6,50 fronte a 6,48 e 6,31 nos dous cursos precedentes). Produciuse un pequeno descenso na porcentaxe de alumnado que accedeu con unha puntuación igual ou superior a seis (3,4 puntos menos), pero incrementouse a porcentaxe de alumnado preinscrito en primeira opción (3,7 puntos máis). Case o 64% do alumnado de novo acceso solicitou cursar grao en traballo social, e facelo na USC. Na enquisa propia cumprimentada por 67 alumnas e alumnos de novo acceso, 48 sinalaron que solicitaron estudar esta titulación en Santiago de Compostela e en primeira opción.

A taxa de ocupación  das prazas ofertadas foi de 96,25 %, dato moi bo e cun forte aumento (24 e 18 puntos) respecto aos dous últimos cursos (72,22% e 77,50%).

O incremento na demanda de acceso ao grao, que se reflicte no incremento da taxa de ocupación, é indicativo do interese académico pola titulación do grao neste centro.

En canto á procedencia xeográfica do alumnado, dos 254 alumnas e alumnos matriculados 246 son de Galicia (Inf. 16). A proporción de estudantes que proceden desta Comunidade Autónoma baixou nun punto, 97,25% fronte a 98,16% do curso anterior. Incrementouse a de estudantes nacionais de fora de Galicia (2,36%  fronte a 1,47% o curso anterior).

Só o 2,75% do alumnado do centro non son galegos: unha persoa procede de Luxemburgo, 2 das Illas Baleares, 1 de Canarias, 1 de Castela e León, 1 de Cataluña, 1 de Madrid, e 2 persoas non teñen a procedencia definida claramente.

| **Provincia de procedencia** | **Nº** | **%** |
|---|---|---|
| **A  Coruña** | 155 | 63,0 |
| **Lugo** | 19 | 7,7 |
| **Ourense** | 12 | 4,9 |
| **Pontevedra** | 60 | 24,4 |

Do alumnado procedente da nosa Comunidade Autónoma (246), a maioría procede de concellos da provincia de A Coruña (63%), e xunto cos procedentes de Pontevedra supoñen o 87,4% do alumnado do centro, situación que se ven repetindo nos últimos cursos.

Si  se analiza a procedencia tomando como referencia as grandes cidades de Galicia, 94 alumnas e alumnos teñen esta orixe, o que supón o 38% do total do grao. Cabe destacar que un 14,2% do alumnado procede de Santiago de Compostela, e un 8,8% da cidade de A Coruña , entre ambas suman o 23% do alumnado.

| Grandes cidades Galicia | Nº | % |
| --- | --- | --- |
| A Coruña | 22 | 8,8 |
| Ferrol | 3 | 1,2 |
| Lugo | 10 | 4,1 |
| Ourense | 6 | 2,4 |
| Pontevedra | 10 | 4,1 |
| Santiago de Compostela | 35 | 14,2 |
| Vigo | 8 | 3,2 |
| Total | 94 | (246) |

Si aos 35 alumnos e alumnas  que son de Santiago de Compostela se lle suman os 30 que proceden de concellos limítrofes a esta cidade, supoñen o 26,4% do alumnado do grao, polo que Santiago e a súa area de influencia aportan  algo máis da cuarta parte do alumnado.

Segundo datos do propio centro no curso 2016-2017 egresaron 52 alumnas e alumnos, dos que 5 o fixeron na convocatoria de defensa de traballo de fin de grao de febreiro, 37 na de xullo e 10 na de setembro.

O alumnado que realizou prácticas externas no curso 2016-2017 foron 47, dos que 5 deles o fixeron no primeiro cuadrimestre, e os outros 42 no segundo, tal como se recolle no documento interno *Informe de coordinación.2016-2017*.

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| **Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresa e institucións IN22G-PC-09** | 96,10 | 67,31 | 70,10 | 84,62 | 93,75 | 96,15 |
| **Taxa de abandono RD 1393/2007 IN41G-S01-PM-01** | - | - | - | 15,05 | 23,60 | 16,87 |
| **Taxa de éxito dos egresados(%) IN50G-S01-PM01** | - | - | - | - | 96,90 | 94,70 |
| **Taxa de idoneidade na** | - | - | - | - | 60,67 | 67,47 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **graduación (%)**<br>**IN51G-S01-PM01** | | | | | | |
| **Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)**<br>**IN53G-S01-PM01** | - | - | - | - | 96,37 | 94,05 |

En canto á taxa de éxito (IN50G-S01-PM01) que representa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou, foi nos dous últimos cursos entorno ao 95%.

Ao valorar o grao de eficacia (IN51G-S01-PM01) do alumnado e da institución con relación a súa actividade académica, que se corresponde coa relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso, obsérvase que se incrementou 7 puntos no último curso respecto ao inmediatamente anterior (67,47% fronte a 60,67%).

A taxa de rendemento dos egresados que mide a súa eficiencia e representa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou (IN53G-S01-PM01), sitúase tamén nas dúas últimas promocións egresadas entorno ao 95%.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A actividade académica desenvolveuse en canto a oferta de módulos e materias conforme ao establecido na Memoria de Verificación do Título (MVT). Non se variou ningunha materia de cuadrimestre en canto a súa impartición, e tamén mantivéronse as materias que se viñan ofertando de optatividade respecto ao curso anterior.

Mantívose ao igual que en cursos precedentes un grupo interactivo en primeiro curso que iniciou a actividade

docente das sesións interactivas a finais de outubro, ao que se vincula o alumnado que realiza a súa matrícula nas últimas convocatorias, de cara a facilitar a súa incorporación ao desenvolvemento da actividade académica.

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo para o 2016-17 foi de 36,3 alumnos/as, datos que veñen mellorando nos últimos cursos debido ao descenso de matrícula (esta ratio era de 59,1 no 2011-2012). Paralelamente ven descendendo a media de alumnado por grupo de teoría, pasando de 85,77 no curso 2011-12 a 54,19 no 2016-17 (IN31G-PS-01), aínda que a redución de grupos de interactividade debido á caída da matrícula incrementou a media de alumnado por grupos de seminario de 13,72 a 28,43 no mesmo período (IN32G-PS-01) (sempre respectando os límites máximos establecidos pola normativa).

| CURSO | MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DE TEORIA | MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DOCENCIA INTERACTIVA |
|---|---|---|
| **2011-12** | 85,77 | 13,72 |
| **2012-13** | 67,46 | 29,47 |
| **2013-14** | 58,26 | 28,50 |
| **2014-15** | 52,96 | 25,04 |
| **2015-16** | 52,12 | 27,16 |
| **2016-17** | 54,19 | 28,43 |

O curso ponte de adaptación ao grao segue a ter unha baixa matrícula: dúas de novo acceso e unha que iniciou estudos no anterior. A caída de demanda nos tres anos académicos anteriores levou a que no curso 2015-2016 non se impartise nun grupo de docencia diferenciado, senón que se integrou este alumnado nos grupos de grao que procedese. Isto mantívose debido á baixa matrícula no curso analizado, modificación do previsto na MVT para o curso ponte, e que foi aprobada no PDA 2016-2017.

En canto ao desenvolvemento das actividades académicas contempladas na MVT, o 11 de setembro de 2016 celebrouse a xornada de presentación e acollida en primeiro curso, para dar a benvida e explicar ao alumnado os servizos dispoñibles e o funcionamento del Centro. Así mesmo, en novembro de 2016, impartiuse o *Curso Cero: Presentación de Traballos Académicos* , dirixido ao alumnado de primeiro curso e ao que asistiron 50 alumnos e alumnas .

En canto á participación do alumnado en programas de mobilidade cabe sinalar que no marco do programa SICUE o centro recibiu a 2 alumnas da Universidade Pablo de Olavide (Sevilla), despois de dous anos sen alumnado de mobilidade entrante neste programa. A súa vez 4 alumnas de Santiago de Compostela cursaron estudos na Universidade de Alicante (1), Universidade Pablo Olavide de Sevilla (2), e Universidade

Complutense en Madrid(1), moi bo dato dado que só unha alumna do centro participara o curso anterior.

O número de alumnado estranxeiro que cursou estudos no grao no marco de convenios de mobilidade (Inf.03), incrementouse en 3 con respecto a cursos anteriores. Foron 8 alumnos e alumnas de América, en concreto 3 de Brasil, 2 de Chile, e 3 de México .A súa vez dúas alumnas do centro cursaron estudos en Chile, o mesmo número que o ano anterior (no 2015-2016 foran tres as solicitudes pero unha posteriormente renunciou).

| | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a Programas de mobilidade sobre o total de matriculados IN17G-PC-08** | - | 0,52 | 0,57 | 1,32 | 1,47 | 2,36 |
| **Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a Programas de mobilidade sobre o total de matriculados IN18G-PC-08** | 0,85 | 0,52 | 1,44 | 0,99 | 1,47 | 3,94 |

En ambas situacións vense producindo un incremento paulatino, acadando no ano obxecto de análise o valor máis alto.

Ningún alumno ou alumna do centro participou en estancias en universidades europeas a través do programa ERASMUS, o que segue sendo unha carencia nos programas de intercambio, a pesares do traballo realizado que dou como resultado novas propostas de convenio.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

No centro impártese só a titulación de grao en traballo social, e tendo en conta o volume da matrícula o corpo docente ten unha dimensión que facilita a interacción e intercambio de pareceres que ven a sumarse á dinámica da coordinación canalizada a través dos órganos colexiados (comisión de título, comisión de calidade e comisións ad hoc) e órganos individuais (distintos coordinadores e coordinadoras) formalmente establecidos no centro. Como en anos anteriores elaborouse a *Guía Académica de Centro 2016-2017* en soporte papel e de acceso tamén na web propia, aporta información sobre a estrutura do centro, normativa interna, información sobre a titulación, e a organización académica do curso, que contribúe a coordinación da actividade docente.

A Dirección do centro para cada ano académico nomea ás persoas que asumen as funcións de coordinación de título, de curso, de practicum, de traballo de fin de grao, de materias con docencia compartida, e dos distintos programas que se desenvolven no centro (Sicue, Erasmus, A Ponte....)

Os períodos da actividade académica que requiren un maior esforzo de coordinación son os inicios e remates dos cuadrimestres, momentos nos que a coordinadora de título e os coordinadores/as de curso realizan comunicacións co equipo docente para trasladar información relativa a temas académicos e cuestións administrativas. Cabe destacar respecto á actividade de coordinación as reunións que se celebran no momento de elaborar a programación académica do curso seguinte, e das que se dá conta no informe anual elaborado pola coordinadora de título.

As materias nas que participan o maior número de docentes, e que polo tanto esixen un esforzo maior de coordinación son o Practicum (6 reunións de coordinación) e o Traballo de Fin de Grao. Para ambas materias séguese a elaborar o Manual para o seu desenvolvemento, que ademais de ser un importante apoio para o alumnado, permite ao profesorado titor unificar prazos e criterios de cara ao seguimento e avaliación do traballo desenvolto polo alumnado. Así mesmo para o Practicum no curso 2016-2017 mantivéronse as pautas e canles de relación establecidas para cos titores externos.

Os resultados de satisfacción acadados en ambas materias , para os distintos grupos de interese, seguen a reafirmar o mantemento desta coordinación.

| | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|
| **Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (%)**<br><br>**IN19-PC-09 e o documento INF.06** | 4,52 | 4,52 | 4,11 | 4,70 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Taxa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (%)**<br><br>**IN20-PC-09 e o documento INF.07** | 4,17 | 3,84 | 4,16 | 4,64 |
| **Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas**<br><br>**IN21-PC-09 e o documento INF.08** | - | 4,77 | 4,80 | 4,91 |

En relación á enquisa de satisfacción (1-5) do alumnado coas prácticas externas, houbo unha evolución gradual e positiva da valoración e da participación desde o curso 2013-2014. En canto a esta última soamente un 12,50% do alumnado contestou á enquisa. No curso 2016-2017, a taxa de resposta sitúase no 23,40%, case o dobre.

Produciuse un aumento significativo na media ponderada de satisfacción dos e das titoras externas cos programas de prácticas externas dende o curso 2013-2014 ata o 2016-2017, situándose neste último curso nun 4,64. A mesma observación pode facerse para a media da satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas que acadou no curso analizado o valor de 4,91 sobre 5.

O alumnado valorou ás titoras académicas a través dunha enquisa propia da EUTS sendo a valoración global media de 9.72 (sobre 10). A avaliación nos distintos aspectos, deron de media os seguintes resultados:

| | **1º cuadrimestre** | **2º cuadrimestre** |
|---|---|---|
| **Actitude para o alumno/a** | 9.76 | 9.77 |
| **Orientación teórica** | 9.68 | 9.58 |
| **Satisfacción coa titora académica** | 10.0 | 9.81 |
| **Media** | 9.81 | 9.72 |

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Na MVT non se esixe unha formación previa específica, só se recomenda que a súa formación teña un perfil de Humanidades e Ciencias Sociais.

O acceso ao título realízase a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), órgano que xestiona o acceso ás tres Universidades galegas. Unha vez admitido o alumnado, a través dos servizos propios da USC, xestiona a súa matrícula nas convocatorias e prazos establecidos por esta. Posteriormente formaliza a súa inscrición neste centro dado o seu carácter adscrito.

O centro realiza unha análise da orde de solicitudes de acceso ao grao a partires dos datos da CIUG, e para o curso 2016-2017 presentáronse 315 solicitudes de acceso (310 cota xeral, 4 titulados universitarios, e 1 maior de 25 anos). A CIUG admitiu 108 de cota xeral e 1 titulado. A os resultados obtidos foron os seguintes:

| OPCIÓN SOLICIUDE | % |
|---|---|
| **Primeira** | 65,4 |
| **Segunda** | 20,5 |
| **Terceira** | 7,7 |
| **Cuarta** | 3,8 |
| **Quinta ou máis** | 2,6 |

O 65,4% do alumnado que se matriculou en primeiro curso solicitou este grao en primeira opción, e o 20,5% o fixo en segunda opción. Datos que permiten afirmar que unha maioría destacada de alumnado elixe cursar este grao e en este centro, concordando o seu interese formativo coa primeira elección manifestada.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración**

O centro durante a impartición do curso analizado cumpriu a normativa vixente incluíndo as modificacións que procederon. Neste senso desenvolveuse o Practicum e TFG en base aos seus Regulamentos actualizados no curso anterior primeiro curso conforme ao establecido na nova Regulación da USC para ambas materias.

Para dar cumprimento ao sinalado no Informe Final de Acreditación, presentouse a Declaración de Intencións para a Modificación da MVT (19-01-2017) dentro do prazo establecido pola USC, e tras ser aprobada en Comisión de Título o 4 de novembro de 2016.

En canto ao desenvolvemento dos TFG, o centro levou a cabo as modificación necesarias do procedemento que se tiña establecido para a presentación, solicitude e defensa dos mesmos, adaptando este aos cambios derivados da activación da aplicación on line de xestión académica en Xescampus para os trámites relacionados coa súa solicitude de defensa.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Un dos puntos fortes da titulación sinalados no Informe Final de Acreditación foi o ter unha web propia con información relevante para os estudantes actualizada permanentemente. No curso analizado levouse a cabo unha comprobación dos seus contidos procedendo a actualizalos cando foi necesario, así como iniciar xestións para realizar melloras no seu deseño a levar a cabo polos programadores informáticos do servizo de mantemento da mesma.

Para ampliar as canles de información ao alumnado, ademais da publicación nos taboleiros físicos do centro, valorouse como necesario activar na web propia un *taboleiro virtual* de acceso restrinxido, e así poder divulgar nel a información de interese para alumnado e profesorado, garantindo a protección de datos de carácter persoal, e só publicitar no espazo aberto de *Novas* aquela información que non teña carácter reservado.

Así mesmo levouse a cabo a verificación da información relativa ao centro e ao título na web USC. A Dirección do centro solicitou á Secretaría xeral da USC (21-04-2017) que se autorizase aos seus servizos informáticos proceder a actualizar datos desfasados, e que este centro non pode realizar de modo directo. Ao respecto, valórase como posible mecanismo de axilizar a actualización dos contidos da titulación na web da USC, o contemplar enlaces á web propia cando isto sexa oportuno, como por exemplo o acceso á consulta do listado

actualizado de convenios para realizar prácticas externas.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

A frecuencia na celebración das Comisións de título permite que estas sexan un marco axeitado para aportar, recoller información que unha vez analizada serve de base para unha mellora na calidade do título, aínda que tal como se sinalara no informe para renovar a acreditación do título o número de membros do profesorado, facilita unha comunicación e coordinación informal. A resposta ás peticións do alumnado é áxil , facilitado polo matrícula global e sendo un valor instaurado na EUTS o trato cercano co alumnado, particularmente potenciase a atención individualizada no seguimento das materias practicum e TFG.

No Informe de Coordinación de Título dáse conta das actividades de realizadas a tal efecto, e que redundan na mellora do desenvolvemento do Título.

Os medios para avaliar os resultados en canto á satisfacción do PDI coa docencia impartida utilizouse son indicador IN47G-S01-PM-01 e o documento INF.14.

O profesorado da EUTS amosase moi satisfeito coa docencia impartida, xa que esta satisfacción aumenta considerablemente ata acadar no curso 2016-2017 unha media de 4,49.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Derivado do Informe final de acreditación e dentro do prazo fixado pola USC, aprobouse e presentouse a declaración de intencións para modificar a MVT (20-01-2017), e iniciáronse traballos por parte da CT para deseñar o contido base da proposta de modificación ao longo do segundo cuadrimestre.

No curso obxecto de analise douselle un impulso relevante a documentos pendentes do SGIC. Iniciáronse no curso 2016-2017 os traballos para elaborar o Plan Estratéxico do centro, máis a súa maior parte foi deseñada no curso seguinte.

Queda pendente o impulso da actividade do Comité consultivo, e particularizar o Manual simplificado de garantía interna de calidade da EUTS.
No curso 2016-2017 avanzouse considerablemente na revisión, no deseño e na implementación de procesos contemplados do SGIC.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

As accións de mellora que se contemplaron para o seu desenvolvemento no curso 2016-2017, derivan na súa maioría do Informe final de acreditación.

Para incrementar a participación do alumnado no proceso de avaliación da docencia recibida no período fixado pola USC, de cara a cumprimentar as enquisas de satisfacción ampliouse o horario da aula informática, promoveuse a través do profesorado e divulgouse por distintas canles. Como se reflexa na análise realizada no criterio 7 estanse mellorando as taxas de participación de distintos grupos de interese.

Levouse a cabo unha revisión de funcións entre a Comisión de título e a Comisión de Calidade do Centro, do seu resultado douse conta na CCC de 21 de outubro de 2016.

Continuouse un curso máis a través de administración telefónica, pasando a enquisa propia de cara a obter datos o máis actualizados posibles sobre os propios egresados. Os resultados foron analizados na Comisión de título de 16 de novembro de 2016.

Elaborouse un protocolo para a concesión de apoio económico para participar dun xeito activo o profesorado en reunións científicas. Así mesmo desde a Dirección a EUTS realizou xestións para que PDI e PAS do centro poidan participar en actividades de formación organizadas pola USC, tal como se comunicou na CCC de 21 de outubro de 2016.

Dentro da revisión do SGIC, fixárase a tarefa de particularizar o Manual simplificado de garantía interna de calidade. Non se levou a cabo pois tívose coñecemento que desde a Area de calidade da USC se estaba a traballar nun modelo novo, e o proceso de revisión e adaptación tería que facerse en 2018.

Iniciáronse os traballos para elaborar o Plan Estratéxico do Centro, e planificouse o seu remate no primeiro cuadrimestre do curso seguinte.

Por parte do docente responsable do desenvolvemento no centro de convenios bilaterais e do programa Erasmus ,fixéronse xestións conxuntamente coa ORE e con outras Universidades fora de España para ampliar as posibilidades de que o alumnado poida realizar estancias académicas nas mesmas.

Tras estudios por empresas especializadas, e xestións con Movistar, conseguiuse instalar acceso a internet mediante fibra óptica, e tamén se aumentaron receptores da sinal WIFI. Así mesmo deseñouse un espazo na web propia con contidos dirixidos a egresados, e incorporouse ao apartado *destacados* a actividade " *Solicita unha visita para coñecer o noso centro*" que tivo unha demanda aceptable, tal como se recolle no Informe da coordinación de título 2016-2017.

Realizouse a xornada formativa dirixida a profesionais traballadores sociais que foron titores externos, pero dada a temática da mesma e a metodoloxía de desenvolvemento non se considerou procedente publicitala en prensa.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**
**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**
A Escola Universitaria de Traballo Social conta no curso 2016-2017 con un total de 16 profesores/as, sete con adicación completa (43,75%) e 9 con adicación parcial (56,25%). O número de doutores/as é de 8 (50,0 % do total), 4 con adicación completa e 4 con adicación parcial.

En relación ao establecido na MVT, descendeu o número de profesores, 20 naquel momento. Con respecto ao previsto, cumpriuse a previsión de incremento das persoas con adicación a tempo completo, pasando de 6 a 7. A estimación de ampliación da plantilla en dúas persoas máis a tempo parcial, non se ten producido, descendendo o

número de docentes respecto á situación de partida. Sen embargo, hai que ter en conta que a matrícula baixou un 28,4% dende o curso 2011-2012 ata o 2016-2017, de xeito que no 2014-2015 tanto en primeiro como en segundo e terceiro curso, nas asignaturas comúns, redúxose o número de grupos interactivos a 2 (antes 3) excepto no primeiro cuadrimestre de primeiro curso para facilitar a incorporación do alumnado de matrícula tardía. Igualmente no caso das optativas, que ata o curso 2014-2015 tiñan case todas 2 grupos interactivos, redúxose a un (agás na optativa que se imparte na Aula de Informática).

O perfil académico do profesorado considérase idóneo para a titulación, cunha media de 18,6 anos de experiencia docente para o conxunto e unha porcentaxe do 43,75% que posúen unha dobre titulación, é dicir, son titulados/as en Traballo Social con outra titulación engadida (Socioloxía, Ciencias Políticas e Filosofía). Respecto a 1º curso, o 60% son doutores, a media de anos de experiencia docente é de 13,2 anos e o 40% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social. En canto ás prácticas externas, todo o profesorado que titoriza posúe dobre titulación, sendo requisito deste centro que unha delas sexa a titulación de Traballo Social. En referencia ó Traballo de Fin de Grao, tendo en conta que neste centro a maioría do alumnado ven vinculando o traballo ó campo de prácticas, tamén a maioría dos/as titores/as son titulados en Traballo Social ( só hai un caso que non posúe a titulación).

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo para o 2016-17 é de 36,3 alumnos/as, datos que veñen mellorando nos últimos cursos debido ao descenso de matrícula (esta ratio era de 59,1 no 2011-2012). Paralelamente ven descendendo a media de alumnos/as por grupo de teoría, pasando de 85,77 no curso 2011-12 a 54,19 no 2016-17, aínda que a redución de grupos de interactividade (sempre respectando os límites máximos establecidos pola normativa) debido á caída da matrícula, incrementou a media de alumnos/as por grupos de seminario de 13,73 a 28,16 no mesmo período.

A satisfacción media do profesorado coa docencia impartida é para o 2016-2017 de 4,49 (4,35 para o conxunto da universidade). Este resultado ven mellorando significativamente nos últimos cursos (3,1 para o 2013-2014 , 4,39 para o 2014-2015 e 4,42 para o 2015-16).

En canto ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida, a taxa de participación no 2016-17 foi do 37,5% (30,39% para o conxunto de graos da USC). A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida é de 4,20, datos que veñen mellorando progresivamente. Estes valores, nos tres últimos cursos, están significativamente por encima dos promedios para a rama de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas (3,80 no 2016-17), e para o conxunto da Universidade (3,85 para o 2016-17). A mellora nas valoracións, á vista do Informe de Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Docencia Recibida, prodúcese en todos os ítems dos que se recolle información.

O dato de participación, que tiña baixado notablemente no 2014-2015 acada, para o 2016-2017 o mellor dato da serie, cunha participación do 37,50 % (fronte ao 18,54% do curso 2014-2015).

Finalmente, respecto ao profesorado, no Informe Provisorio de Avaliación para a Renovación da Acreditación,

sinalábase que o profesorado do título carecía, na súa maioría de perfil investigador, instándose ao centro a plantexarse propostas de mellora enfocadas a incentivar a carreira investigadora dos/as docentes. Neste sentido, no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación, sinalábase entre as Accións de Mellora de obrigado cumprimento a adopción destas medidas, elaborando un protocolo para a concesión de axudas económicas para a participación activa en Congresos, Seminarios e outras reunión de carácter científico, o que se incluíu como acción de mellora no informe de seguimento do 205-16.

Nas substitucións e novas contratacións en función de necesidades docentes realizadas no curso 2016-2017, primouse o criterio de estar en posesión do título de doutor/a.

Boas prácticas derivadas de Informes de Seguimento anteriores, e melloras contempladas no seu momento:

- Organización do horario docente e da adicación de xeito que facilite a conciliación coa vida familiar e o traballo nas teses, en actividades formativas e en actividades de investigación en xeral. Esta organización permite que cada profesor/a a tempo completo, conte con tres tardes libres á semana.

- Elaboración dun protocolo para a concesión de axudas económicas para a participación activa do profesorado en actividades de investigación.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

O persoal de apoio mantense en iguais condicións que as recollidas na MVT: 6 persoas coas seguintes categorías: unha persoa con categoría de persoal administrativo de nivel directivo, tres con categoría de xefe de sección (dúas asignadas a administración e unha a biblioteca), unha con categoría de axudante de biblioteca e unha con categoría de persoal de servizo de limpeza.

A satisfacción media do PAS co seu traballo é para o 2016-2017 de 3,79 (o que supón un descenso respecto ao 2015-2016 curso no que se acadou unha satisfacción media de 4).

No que se refire á satisfacción media do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, tal e como se indicou no IRA, non podemos remitirnos para a súa valoración aos datos da USC respecto ó *Programa para a Formación e Innovación Docente*, xa que as condicións de acceso como centro adscrito non son as mesmas que para os centros da universidade de natureza pública .

Boa práctica derivada de Informes de Seguimento anteriores, e melloras contempladas no seu momento:

- Reunión co PAS para valorar os datos de satisfacción co seu traballo, cun nivel medio de satisfacción inferior ao acadado para a docencia.

**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Tal e como se indicaba no Plan de Melloras elaborado para dar resposta ao *Informe provisorio de avaliación para a Renovación da Acreditación*, a ubicación e características arquitectónicas do Centro (edificio Mosterio San Martín

Pinario) limitan as posibilidades de mellora na accesibilidade, funcionalidade e comodidades. Neste senso, e pola súa prioridade, os esforzos inversores do Centro a curto prazo, están orientados á rehabilitación do Tellado e substitución das ventás cun presuposto total de 100.000,00 €. A finais do curso 2015-2016 comezouse coas ventás, cambiándose todas as que dan ao exterior do edificio. A obra do Tellado executouse no curso 2016-17.

A biblioteca da EUTS dispón de 32 postos de traballo na sala de consulta e dous equipos informáticos para acceder á consulta de fondos. Estos, a 31 de decembro de 2017, acadan unha cifra de 13.445; as publicacións periódicas son 414, das que 26 están activas e están arquivados 407 TFG's (dos que 52 foron depositados neste curso 2016-17). Periódicamente o persoal de biblioteca envía información ao profesorado vía correo electrónico, informando sobre as novidades editoriais incorporadas. Esta mesma información achégase ao alumnado a través da páxina web do centro.

Respecto á satisfacción dos/as egresados/as cos servizos, so se dispón de datos para os dous últimos cursos (2014-2015 e 2015-2016), cunha clara melloría (2,96 e 3,61 respectivamente), aínda que o dato non acada as expectativas do centro.

O Informe da enquisa de satisfacción de egresados 2015-2016 ofrece os datos globais e do título para os curso 2013-2014, 2014-2015, cunha taxa de participación baixa (8,33%, 8,97% e 12,50%) aínda que mellorando. En canto á valoración dos recursos, servizos e medios para obter información, presentan datos diferentes: no que atinxe a recursos tecnolóxicos, biblioteca e cafetería/comedor, a valoración e inferior á acadada para o conxunto da USC. Dende o centro fíxose un esforzo neste curso 2016-17 por mellorar a rede wifi, co acceso á fibra óptica, o que ata este momento non era posible, e adaptando as infraestruturas para a recepción (contratouse a unha empresa do sector para a substitución da rede de antenas). Respecto á información na propia Escola, os valores son superiores aos presentados pola USC (4,00 fronte a 3,18), aínda que baixan para o apartado "outros" (folletos, anuncios en prensa, publicidade en xeral).

A valoración do profesorado sobre os recursos (soportes multimedia, TIC'S, aulas,…) para a docencia é moi positiva, e mellora progresivamente, acadando no 2016-2017 un 4,46 (4,32 para o curso 2014-2015 6 4,46 para o 2015-16).

Boas prácticas derivadas de Informes de Seguimento anteriores son:

- Resposta áxil as necesidades tanto de mantemento de instalación como de recursos materiais en xeral
- Non se limita, dentro de termos razoables, a demanda de manuais e bibliografía en xeral por parte do profesorado para o desenvolvemento das materias.

ACCIÓNS DE MELLORA

- Egresados: Espacio web, enlace web ao colexio profesional, á conferencia, actividades de interese, servizos…
- Wifi

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

O desenvolvemento do curso 2016-2017 veuse afectado nos seus inicios (outubro 2016) pola baixa dunha docente a petición propia. Isto fixo necesario unha modificación do POD establecido no seu momento, así no primeiro cuadrimestre reasignouse a docencia que impartía e tamén as súas responsabilidades, dado que desempeñaba funcións de coordinadora de título. Cada unha delas, docencia e coordinación, foron asumidas respectivamente por dúas docentes. En relación ao segundo cuadrimestre iniciouse o proceso de cara a contratar dous docentes que se fixeron responsables das materias que impartía dita profesora.

A materia *Dereito e administración Pública* foi impartida por un docente distinto a cursos anteriores, tal como estaba previsto.

Tal como se contempla na MVT celebrouse ao inicio de curso a *Xornada de acollida* para o alumnado de novo acceso, e cando estaba practicamente fechada a matrícula de primeiro curso impartiuse o *Curso cero: Presentación de traballos académicos.*

Os resultados da aprendizaxe son adecuados en base ás altas taxas de rendemento, éxito, de avaliación, e satisfacción coa docencia recibida.

A taxa de rendemento, no curso académico 2016-2017 incrementouse, acadando un valor porcentual de 87,13%. A taxa de éxito, no curso académico 2016-2017 tamén é elevada, tendo un valor porcentual de 91,79%. En ambos casos superior ao curso anterior.

A taxa de avaliación, no curso académico 2016-2017 ten un valor porcentual de 94,93%, un pouco máis baixa (0,12 puntos) que a do curso académico 2015-2016

O grao de eficacia do alumnado e da institución con relación a súa actividade académica é satisfactoria. A media de satisfacción do alumnado da EUTS coa docencia recibida (4,20) durante o curso 2016-2017 é superior a da USC (3,85).

Recóllese no Informe de coordinación do título do curso 2016.-2017, referencia de esta actividade durante a elaboración dos programas das distintas materias, especialmente no referido ao desenvolvemento do Practicum e

Traballos de Fin de Grao debido ao número de docentes que son titores académicos nelas.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:
- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

En canto á demanda no curso 2016/2017, a taxa de ocupación das prazas ofertadas foi de 96,25 %, dato moi bo e con un forte aumento (24 e 18 puntos) respecto aos dous últimos cursos (72,22% e 77,50%).
O incremento na demanda de acceso ao grao, que se reflexa no incremento da taxa de ocupación, é indicativo do interese académico pola titulación do grao neste centro. Destacar que o centro nos tres últimos anos ven levando a cabo actuacións de cara á divulgación do grao, e incrementar así a demanda de acceso a partires de terse observado un descenso na primeira matrícula do grao no curso 2014/2015.

Case o 64% do alumnado de novo acceso solicitou cursar grao en traballo social, e facelo na USC. Na enquisa propia cumprimentada por 67 alumnas e alumnos de novo acceso, 48 sinalaron que solicitaron estudar esta titulación en Santiago de Compostela e en primeira opción.

O centro realiza unha análise da orde de solicitudes de acceso ao grao a partires dos datos da CIUG, e para o curso 2016-2017 presentáronse 315 solicitudes de acceso (310 cota xeral, 4 titulados universitarios, e 1 maior de 25 anos). A CIUG admitiu 108 de cota xeral e 1 titulado. A os resultados obtidos foron os seguintes:

| OPCIÓN SOLICIUDE | % |
|---|---|
| **Primeira** | 65,4 |
| **Segunda** | 20,5 |
| **Terceira** | 7,7 |
| **Cuarta** | 3,8 |
| **Quinta ou máis** | 2,6 |

O 65,4% do alumnado que se matriculou en primeiro curso solicitou este grao en primeira opción, e o 20,5% o fixo en segunda opción. Datos que permiten afirmar que unha maioría destacada de alumnado elixe cursar este grao e en este centro, concordando o seu interese formativo coa primeira elección manifestada, e pode tomarse como un reflexo da demanda pola titulación.

Os resultados do programa formativo analízanse a través dos indicadores seguintes:

**Taxa de rendemento (global)**

Para a análise da taxa de rendemento (global) utilizouse o indicador IN34CG-S01-PM-01, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

| Taxa de rendemento | 2011-2012 | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EUTS | 87,47 | 86,12 | 87,24 | 89,67 | 85,53 | 87,13 |

A taxa de rendemento, no curso académico 2016-2017 na EUTS, é máis elevada que a do curso académico 2015-2016 (en 1,60 puntos), acadando un valor porcentual de 87,13%.

**Taxa de éxito (global)**

Para a análise da taxa de éxito (global) utilizouse o indicador IN35CG-S01-PM-01, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

| Taxa de éxito | 2011-2012 | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EUTS | 92,92 | 91,22 | 92,61 | 95,42 | 89,98 | 91,79 |

A taxa de éxito, no curso académico 2016-2017 na EUTS, é máis elevada que a do curso académico 2015-2016 (en 1,81 puntos), acadando un valor porcentual de 91,79%.

**Taxa de avaliación (global)**

| Para a análise da taxa de avaliación (global) utilizouse o indicador IN36CG-S01-PM-01, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.<br>**Taxa de avaliación** | 2011-2012 | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **EUTS** | 94,13 | 94,42 | 94,20 | 93,97 | 95,05 | 94,93 |

A taxa de avaliación, no curso académico 2016-2017 na EUTS, é un pouco máis baixa (0,12 puntos) que a do curso académico 2015-2016, acadando un valor porcentual de 94,93%.

**Taxa de rendemento por materia**

O grao de eficacia do alumnado e da institución con relación a súa actividade académica é satisfactoria. A taxa de rendemento, indica a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superou o alumnado e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. No curso académico 2016-2017 acada, en 1º de grao, valores porcentuais altos, xa que non se baixa en ningunha materia do 67,86%, en 2º curso sitúase no 76,90%, en 3º no 64,71%, e en 4º curso no 91,23%.

Ademais, as materias que acadan as porcentaxes máis altas, en primeiro de grao, son de carácter obrigatorio. No tocante ás materias de 3º curso, a taxa de rendemento máis alta do curso 2016-2017 atópase en tres das materias optativas.

Máis da metade das materias de 4º curso acadan un 100,00% na taxa de rendemento, de tódolos xeitos, todas as materias de cuarto curso acadan valores porcentuais superiores ao 91,23%.

En relación ao programa de titores a taxa de rendemento nos dous últimos cursos académicos foi do 100%, nembargante no caso de créditos optativos cursados en réxime de intercambio no curso 2016-2017 acádase unha taxa do rendemento do 50,00%.

**Taxa de éxito por materias**

O grao de eficacia do alumnado e da institución con relación a súa actividade, respecto á taxa de éxito por materias, é dicir, á relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superou o alumnado e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, foi satisfactoria, xa que o valor porcentual máis baixo no curso 2016-2017 é de 78,08% para primeiro de grao, de 79,37% para segundo, de 78,57% para terceiro e de 96,77% en cuarto de grao.

Finalmente, en relación a taxa de éxito por materias, nos dous últimos cursos académicos foi do 100%, tanto no ao programa de titores como nos créditos optativos cursados en réxime de intercambio.

**Taxa de avaliación por materia**

O grao de eficacia do alumnado e da institución con relación a súa actividade académica respecto á taxa de avaliación por materia, e dicir, á relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentou o alumnado e o número total de créditos ordinarios matriculados, foi satisfactoria; xa que o valor porcentual máis baixo no curso 2016-2017 é de 86,90% para primeiro de grao, de 92,65% para segundo, de 82,35% para terceiro e de 91,23% en cuarto de grao.

Todas as materias de cuarto curso obteñen valores porcentuais superiores ao 91,23%.

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Valóranse os mecanismos utilizados para a análise de adquisición do aprendizaxe a través dos seguintes indicadores de satisfacción:

**Satisfacción dos estudantes saíntes dos programas de mobilidade**

Co fin de analizar a valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes con relación aos programas de mobilidade,, vese que só se ten información con respecto a un único dato (2016-2017) do 4,14, sendo esta superior á global en 0,61., en base ao documento INF.4, e o indicador IN15- PC-08.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|
| **Total Centro** | - | - | 4,14 |
| **Total Global** | - | - | 3,53 |

As medias obtidas nas valoracións con respecto ao titulo e comparados cos conseguidos pola USC son na gran maioría superiores, excepto nos ítems nº 6 e 7. Nos cales a diferenza é mínima de 0,16.

**Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade**

Tomado o contido do documento INF. 05 e o indicador IN16- PC-08, previamente á análise, é necesario saber que só un/unha alumno/a contesto o cuestionario. Se observamos as medias das enquisas de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade durante o último quinquenio, vemos que a media do período 2016-2017 é a mesma que a obtida no 2013- 2014; ambas as superiores á do período 2012-2013.

| | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total Centro** | 4,00 | 5,00 | - | - | 5,00 |

Para o curso obxecto de análise só se obtívo a participación dun alumno/a; cuxa valoración en diversos ítems respecto da información previa antes de chegar á USC, non foi contestada. Obténdose o 100% da resposta positiva nos relativos a: (1) recomendación doutros alumnos (33,3% en GLOBAL), (2) información de ÓREA da USC (36,2% en GLOBAL), (3) feiras ou outros eventos (6,9 en GLOBAL). Tamén destaca que estes datos só poden ser comparados cos obtidos no período 2012-2013. Sendo actualmente superiores nos ítems rexistrados.

| | | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total Centro | Inf. estudios | 4,00 | 5,00 | - | - | 4,00 |
| | Encontrar info | 5,00 | 5,00 | - | - | 4,00 |
| Total Global | Inf. estudios | 3,30 | 3,41 | 3,50 | 3,42 | 3,44 |
| | Encontrar info | 5,00 | 5,00 | 3,38 | 3,37 | 329 |

Na valoración sobre as dificultades para acceder á información web da USC a valoración do título (4,00) é superior á da media global en ambos os criterios. Tamén destaca que estes datos só poden ser comparados cos obtidos no período 2012-2013. Sendo actualmente iguais ao criterio 1 e inferior en canto ao segundo.

| Aloxamento | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|
| Total Centro | 100.0 | 0.00 | - | - | 100.00 |
| Total Global | 62.60 | 53.60 | 65.00 | 67.70 | 64.60 |

Respecto da información existente previa á chegada á USC en 2016-2017 destaca que o alumnado do centro soamente contestou a un dos cinco ítems (aloxamento). Este dato só pode ser comparado co período 2012-2013 o cal continúa sendo do 100% e é superior á media global.

| | | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total Centro | Alumnado | 3,00 | 5,00 | - | - | 5,00 |
| | Coordinador | 2,00 | 5,00 | - | - | 3,00 |
| | Integración | 2,00 | 5,00 | - | - | 5,00 |
| | Relacións exteriores | 4,00 | 5,00 | - | - | 3,00 |
| Total Global | Alumnado | 3,40 | 3,52 | 3,35 | 3,42 | 3,20 |
| | Coordinador | 3,45 | 3,43 | 3,55 | 3,38 | 3,36 |
| | Integración | 3,18 | 3,20 | 3,04 | 3,09 | 3,12 |
| | Relacións exteriores | 4,04 | 4,08 | 4,12 | 4,10 | 3,97 |

Respecto da axuda recibida durante a estancia por outros/as alumnos/as a valoración media do centro no período 2016-2017 é de 6,00 e a global do 3,20. Con todo, en canto á axuda recibida polo coordinador académico a media do centro é de 3,00 e a global do 3,36. - Con respecto ao nivel de integración cos estudantes na institución de acollida no mesmo curso é dun 5,00 e a global dun 3,12. Finalmente en canto á valoración dos servizos de relacións exteriores durante a estancia, a media do centro é dun 3,00 e a global de 3,97.

| | | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Total Centro | Infraestructuras | 8,00 | 6,00 | - | - | 2,00 |
| | Biblio e material | 6,00 | 5,00 | - | - | 2,00 |
| | PC email | 9,00 | 7,00 | - | - | 3,00 |
| | Atención | 8,00 | 9,00 | - | - | 4,00 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | profesorado | | | | | |
| **Total Global** | **Infraestructuras** | 7,94 | 7,96 | 7,91 | 4,04 | 3,90 |
| | **Biblio e material** | 8,36 | 8,37 | 8,46 | 4,39 | 4,22 |
| | **PC email** | 7,82 | 7,62 | 7,48 | 3,75 | 3,81 |
| | **Atención profesorado** | 7,76 | 7,70 | 7,57 | 3,95 | 3,53 |

Sobre as instalacións e servizos da USC as valoracións respecto de infraestruturas, accesos, servizos e material é inferior a media obtida polo centro que a media global. En relación ao nivel de atención do profesorado a media do centro está por encima da media global. - En canto á satisfacción xeral no mesmo período a media do centro o do 100% e a global do 88,5%. E sobre o programa de mobilidade o grao de satisfacción xeral do centro é do 5,00 e a global de 4,11.

**Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas**

Para a análise da satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas utilizouse o indicador IN19-PC-09 e o documento INF.06, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

| Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|
| **EUTS** | 4,52 | 4,52 | 4,11 | 4,70 |

En relación a enquisa de satisfacción do alumnado da EUTS co programa de prácticas externas houbo unha evolución gradual e positiva dende o curso 2013-2014, no que soamente un 12,50% do alumnado contestou á enquisa. No curso 2016-2017, a taxa de resposta sitúase no 23,40%.

No curso 2016-2017 é onde se produce unha valoración media máis alta, en concreto, do 4,70.

En termos xerais, pódese afirmar que a EUTS obtivo unha resposta positiva en canto á satisfacción do alumnado coas prácticas externas, de feito no curso académico 2013-2014, 2014-2015, e no 2016-2017, os valores da EUTS están por riba da media global da USC. Neste último curso, 2016-2017, supérase á USC en todos os ítems analizados. Neste senso, no enunciado relativo a se resultaron útiles e foron un bo complemento para a formación, obtívose a media máxima de 5,00 (media da USC de 4,64).

Soamente, no curso 2015-2016 a media do título foi un pouco máis baixa ca media global en relación á: valoración da utilidade e como bo complemento para a formación (diferenza de 0,35), no relativo á realización das prácticas (0,16) e, por ende, no da satisfacción xeral coa práctica realizada (0,02).

**Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas**

Para a análise da satisfacción dos e das titoras externas cos programas de prácticas externas utilizouse o indicador IN20-PC-09 e o documento INF.07, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

Dos datos remitidos extráese que a taxa de resposta na EUTS aumentou con respecto ao curso 2013-2014, pero deuse un descenso en relación aos cursos 2014-2015 e 2015-2016, sendo a taxa de resposta no curso analizado de 18,97%.

| Taxa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (%) | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|
| EUTS | 4,17 | 3,84 | 4,16 | 4,64 |

Produciuse un aumento significativo na media ponderada de satisfacción dos e das titoras externas cos programas de prácticas externas dende o curso 2013-2014 ata o 2016-2017, situándose neste último curso nun 4,64.

Dende o curso 2013-2014 ao 2016-2017 a media global da EUTS está por riba da USC en todos os ítems valorados relativos á satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas. Destacar o curso académico 2016-2017 no que a media da EUTS está moi por enriba da USC, cunha diferenza de 0.49. En todos os ítems valorados a EUTS mostra un valor superior a USC. Ademais, no ítem valorado de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título, a EUTS acada valores medios superiores a USC en todos os cursos.

**Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas**

Para a análise da satisfacción dos e das titoras académicas cos programas de prácticas externas utilizouse o indicador IN21-PC-09 e o documento INF.08, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

Dos datos remitidos extráese que a taxa de resposta da EUTS aumentou desde o curso 2014-2015 ata o curso 2016-2017, sendo a satisfacción dos profesores titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas, nos dous últimos cursos valorados, 2015-2016 e 2016-2017, do 100%.

| Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|
| EUTS | 4,77 | 4,80 | 4,91 |

A media de satisfacción dos e das titoras académicas cos programas de prácticas externas da EUTS vai en aumento dende o curso 2014-2015 ata o último curso valorado, 2016-2017, acadando neste último a media máis elevada (4,91).

A Escola Universitaria de Traballo Social, ao longo destes tres cursos académicos (2014-2015, 2015-2016 e 2016-2017), sitúase por riba da media global da USC en todos os ítems relativos a satisfacción dos titores e das titoras académicas cos programas de prácticas externas. A diferenza no curso 2016-2017 da media da EUTS con respecto á USC é de 0,62.

**Satisfacción do alumnado coa docencia recibida**

Para a análise da satisfacción do alumnado coa docencia recibida utilizouse o indicador IN46G-S01-PM-01 e o documento INF.13, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

Dos datos remitidos extráese que a taxa de resposta da EUTS aumentou desde o curso 2014-2015 ata o curso 2016-2017, acadando nos últimos cursos académicos os valores porcentuais máis elevados, en concreto, 36,06% no 2015-2016 e 37,50% no 2016-2017.

| Media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida | 2011-2012 | 2012-2013 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| EUTS | 3,69 | 3,79 | 4,03 | 4,22 | 4,20 |

A media de satisfacción do alumnado da EUTS coa docencia recibida (4,20) durante o curso 2016-2017 é superior a da USC (3,85).

Dende o curso académico 2011-2012 ata o 2015-2016 a media de satisfacción do alumnado da EUTS foi en aumento, sufrindo un lixeiro descenso, de 0,02, no 2016-2017. Nembargante, neste último curso académico a EUTS obtén unha media superior aos outros anos nos ítems relativos a: cumpre co programa e o plan de traballo previsto; o material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas, ...); resúltanme útiles para a preparación da materia; a coordinación entre os e as distintas profesores/as da materia; actitude receptiva que facilita a comunicación co alumnado. Destacar que neste último ano non se baixa da media de 4,12 nos distintos ítems analizados.

**Satisfacción do profesorado coa docencia impartida**

Para a análise da satisfacción do profesorado coa docencia impartida utilizouse o indicador IN47G-S01-PM-01 e o documento INF.14, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

Dos datos remitidos extráese que a porcentaxe de participación da EUTS aumentou considerablemente e de forma progresiva, desde o curso 2012-2013 (5,56%) ata o curso 2016-2017, no que se acada o valor porcentual máis elevado, xa que case houbo unha participación das tres cuartas partes do profesorado (73,33%).

| Media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
|---|---|---|---|---|---|
| EUTS | 2,30 | 3,10 | 4,39 | 4,42 | 4,49 |

O profesorado da EUTS móstrase moi satisfeito coa docencia impartida, xa que esta satisfacción aumenta considerablemente ata acadar no curso 2016-2017 unha media de 4,49.

No tocante ao interese do profesorado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia, relativa ás novas tecnoloxías e ao apoio didáctico e pedagóxico, é moi elevado. No curso 2014-2015 situouse no 97,14% e no 2015-2016 no 97,96%, en todos os demais cursos acada o 100,00%.

No 2016-2017 acádase a media da EUTS é superior a dos outros cursos valorados, en cinco dos dez ítems: o nivel co que chega o alumnado (coñecemento e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia; o nivel de comprensión do alumnado; a adecuada coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título; o material e servizos de apoio á docencia existente na universidade son axeitados para o desenvolvemento da materia; e no centro cos recursos necesarios para a docencia.

En liñas xerais apréciase unha progresión nos tres últimos cursos analizados.

**Grao de satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación e o centro**

Para a análise da satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación e o centro utilizouse o indicador IN42G-S01-PM-01 e o documento INF.09, remitido pola área de calidade e mellora dos procedementos da USC.

Dos datos remitidos extráese que a porcentaxe de participación da EUTS aumentou considerablemente e de forma progresiva, desde o curso 2013-2014 (8,33%) ata o curso 2015-2016, que acada o valor porcentual máis elevado, en concreto, o 12,50%. Non constan datos da participación do curso académico 2016-2017.

| Media de satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación | 2014-2015 | 2015-2016 | 2016-2017 |
| --- | --- | --- | --- |
| **EUTS** | 3,12 | 3,43 | 3,37 |

A valoración media de satisfacción coa titulación obtida na enquisa realizada ás persoas egresadas para o curso 2016-2017 é de 3,37, valor lixeiramente inferior (0,06) ao curso anterior, e cunha diferenza superior (0,25) en relación ao curso académico 2014-2015.

En relación á satisfacción coa formación recibida na titulación, por parte das persoas egresadas, a formación teórica da EUTS é superior a media da USC nos cursos 2013-2014 e 2015-2016. O mesmo ocorre coa formación práctica, pero neste caso nos cursos 2013-2014 e 2014-2015, e lixeiramente inferior no 2015-2016 (0,54).

Respecto a cómo a titulación contribuíu a que se adquirira ou potenciara aspectos da formación, a EUTS acada valores medios globais por enriba da USC nos cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015, sen embargo no curso académico 2015-2016 queda por debaixo da USC pero soamente, en 0,03 puntos.

Os valores medios da EUTS, en relación a se os/as egresados/as consideran que as prácticas externas completaron a súa , foron moi positivos no curso 2015-2016 cunha media de 4.56, cunha marcada diferenza respecto á USC dado que a media desta é de 3,82.

No curso académico 2015-2016, non se dispón de datos respecto á cómo contribuíu na formación dos/as egresados/as a súa participación en programas de mobilidade. É destacable que nos cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015 a media do título está por debaixo da media da USC, aínda que para o alumnado do grao en traballo social, aumentou a súa satisfacción respecto a estes programas no curso 2014-2015.

A media da EUTS está por enriba dos valores medios da USC nos seguintes aspectos: á formación recibida na titulación cumpre coas expectativas creadas antes de comezala; a satisfacción global co profesorado; a satisfacción

coa adecuación de horarios, calendario académico e de exames; así como coa organización académica en xeral do título; a información e o apoio recibido nas actividades de acollida e presentación realizada polo centro/título. Soamente a EUTS ten valores medios máis baixos que a USC no referido a satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro.

En relación aos recursos e servizos, a valoración media da EUTS está por encima da media da USC nos cursos académicos 2014-2015 e 2015-2016. No ítem relacionado coa información na propia EUTS, a media da EUTS é en todos os cursos académicos valorados superior a media da USC, e no curso académico 2015-2016 ten un valor medio de 4,00 fronte ao 3,18 da USC.

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

Na procura de acadar datos máis próximos á realidade laboral, vense realizando por parte do centro, desde o 2015, unha sondaxe propia, das persoas tituladas en Traballo Social que remataron os estudos neste centro. Iniciativa que trataba de dar resposta á recomendación de obter datos alternativos aos estudos realizados pola ACSUG, a través dunha enquisa propia.

Deste xeito vense aplicando telefónicamente unha enquisa ao alumnado egresado nos últimos dous curso, partindo da información de contacto arquivada no centro. A taxa de resposta da realizada en xullo de 2017 foi do 89,3.

| Alumando egresado | Nº | % |
|---|---|---|
| 2014-15 | 72 | 48,3 |
| 2015-16 | 77 | 51,7 |
| Total | 149 | 100,0 |

| Alumnado que resposta | Nº | % |
|---|---|---|
| 2014-15 | 64 | 48,1 |
| 2015-16 | 69 | 51,9 |
| Total | 133 | 100,0 |

| % de resposta sobre o curso | |
|---|---|
| 2014-15 | 88,9 |
| 2015-16 | 89,6 |
| % sobre total | 89,3 |

**Situación laboral alumnado egresado das dúas últimas promocións**

| | 2014-15 % | 2015-16 % |
|---|---|---|
| Traballa actualmente | 43,8 | 46,4 |
| Traballou, agora non | 37,5 | 24,6 |
| Non traballou nunca | 18,7 | 29,0 |
| | BASE (64) | BASE (69) |

A porcentaxe do alumnado titulado das dúas últimas promocións é superior ao 40% en ambos cursos. Por outra parte, como era de esperar, a porcentaxe maior dos que non traballou nunca corresponde a última promoción.

**Ocupación alumnado egresado das dúas últimas promocións**

| | 2014-15<br>% | 2015-16<br>% |
|---|---|---|
| Traballa como Traballador/a Social ou relacionado | 82,1 | 46,9 |
| Sen relación co Traballo Social | 17,9 | 53,1 |
| | BASE (28) | BASE (32) |

Respecto á ocupación é un dato moi destacable que mais do 80% do alumnado titulado no 2015 desempeña a súa labor como traballador/a social. Da última promoción, no momento de realización da sondaxe era superior o número do/as que traballaban nun posto sen relación co traballo social (53,1%)

**Tipo de xornada dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais**

| | 2014-15<br>% | 2015-16<br>% |
|---|---|---|
| Xornada completa | 65,2 | 33,3 |
| Media xornada | 17,4 | 40,0 |
| Por horas | 17,4 | 26,7 |
| Non contesta | - | - |
| | BASE (23) | BASE (15) |

Destaca que a xornada completa acada un valor dun 65,2% para a promoción que rematou no 2015. Na do 2016 representa a terceira parte, sendo a media xornada a que representa a porcentaxe mais alta cun 40%.

**Tipo de contrato dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais**

| | 2014-15<br>% | 2015-16<br>% |
|---|---|---|
| Indefinido | 17,4 | 13,3 |
| Temporal | 52,2 | 60,0 |
| En prácticas | 13,0 | 13,3 |
| Beca | 17,4 | 13,3 |
| | BASE (23) | BASE (15) |

O temporal é o tipo de contrato que ten os maiores valores en ambas promocións, representando a situación de mais

da metade, 52,2, na promoción que rematou no 2015, e acadando o 60% da que rematou no 2016.

**Tipo de empresa na que traballan actualmente como Traballadores/as sociais**

| | 2014-15<br>% | 2015-16<br>% |
|---|---|---|
| En empresa pública | 21,7 | 13,4 |
| En empresa privada | 78,3 | 86,6 |
| | BASE (23) | BASE (15) |

Mais das tres cuartas partes das entidades nas que desenvolven a súa labor como traballadores/as sociais, pertencen ao sector privado. Faise necesario sinalar que as entidades do terceiro sector, inclúense neste grupo.

**Lugar de traballo dos que actualmente exercen como Traballadores/as sociais**

| | 2014-15<br>% | 2015-16<br>% |
|---|---|---|
| En Galicia | 91,3 | 100,0 |
| Fora de Galicia | 8,7 | - |
| | BASE (23) | BASE (15) |

Respecto ao lugar de traballo, son rotundos os datos de desempeño profesional na nosa Comunidade Autonoma.

**Egresados/as que continuaron a súa formación**

| | 2014-15<br>% | 2015-16<br>% |
|---|---|---|
| Master/postgrao | 83,3 | 92,0 |
| Grao | 12,5 | 4,0 |
| Ciclo de FP | 4,2 | 4,0 |
| | BASE (24) | BASE (25) |

En canto aos estudos que iniciaron despois da graduación, destacan os de master e postgrao, cunhas porcentaxes do 83,3% da promoción que rematou no 2015, e 92% da promoción do 2016.

En global, pode considerarse altas as porcentaxes dos/as egresados/as que decidiron continuar a súa formación, 37,5 da promoción 2014-15; 36,3 da promoción 2015-16.
A abordaxe dos resultados de inserción laboral aportados pola ACSUG, sobre o alumnado egresado no curso 2013-14, mostran os seguintes datos:

| | **1 ano despois de egresar (23 marzo 2015)** | |
|---|---|---|
| | Taxa de afiliación | 30,9 |
| | % de autónomos | 0,0 |

| | | |
|---|---|---|
| Contrato | % de indefinidos | 33,3 |
| | % de temporais | 66,7 |
| Xornada laboral | % a tempo completo | 66,7 |
| | TP: mais de media xornada | 20,0 |
| | TP: menos de media xornada | 13,3 |
| Grupo cotización | Universitario | 56,6 |
| | Medio, non manuais | 6,7 |
| | Baixo e manual | 36,7 |
| TOTAL ALUMNADO EGRESADO | | BASE (97) |

*Nota:* Fonte: Adaptado de Ministerio de Educación. *Variables e indicadores de Seguridade Social. Análisis transversal. SIIU*

| | **2 anos despois de egresar (23 de marzo de 2016)** | |
|---|---|---|
| | Taxa de afiliación | 50,5 |
| | % de autónomos | 2,0 |
| Contrato | % de indefinidos | 26,8 |
| | % de temporais | 73,2 |
| Xornada laboral | % a tempo completo | 72,9 |
| | TP: mais de media xornada | 16,7 |
| | TP: menos de media xornada | 10,4 |
| Grupo cotización | Universitario | 57,1 |
| | Medio, non manuais | 18,4 |
| | Baixo e manual | 24,5 |
| TOTAL ALUMNADO EGRESADO | | BASE (97) |

*Nota:* Fonte: Adaptado de Ministerio de Educación. *Variables e indicadores de Seguridade Social. Análisis transversal. SIIU*

O primeiro resultado a destacar é que a taxa de afiliación se incrementa desde o 2015 ata acadar o 50% na enquisa de 2016. No mesmo sentido ascendente, acontece cos contratos temporais (de 66,7 a 73,2) e a tempo completo (de 66,7 a 72,9), a inversa que os contratos indefinidos que experimentaron unha lixeira baixada (33,3 a 26,8).

Os datos sobre a porcentaxe de autónomos, reflicten a escasa representatividade que teñen no ámbito laboral do traballo social, aínda así aos dous anos de rematar un 2% se constituíron como profesionais autónomos.
Respecto ao grupo de cotización o dato mais sobresainte é que en ambos anos mais do 50% (56,6 e 57,1) correspóndese con este grupo.

| **<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>** | | | |
|---|---|---|---|
| **Criterios** | **Nº** | **Evidencia / Indicador** | **Documento/enlace** |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento | ACSUG |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | incluíndo os plans de mellora | |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | PDFs en Carpeta Actas Comisiones |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | PDF relacionconvalidaciones16-17.pdf |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2502230_P.Ind_2016-2017<br>2502230_INF.16_2016-2017<br>2502230_INF.CiUG_2016-2017 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | -- |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2502230_P.Ind_2016-2017<br>5419_INF.03_2016-2017 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida “Información mínima pública*”) | Web da USC<br>Web do Centro<br>Web do Título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Web do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | Web do Centro |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Web do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, | Autoinforme, Criterios 3 e 7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | resultados, evolución,...) | |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2502230_P.Ind_2016-2017<br>2502230_INF.04_2016-2017<br>5419_INF.05_2016-2017<br>2502230_INF.06_2016-2017<br>2502230_INF.07_2016-2017<br>2502230_INF.08_2016-2017<br>2502230_INF.09_2016-2017<br>5419_INF.10_2016-2017<br>5419_INF.11_2016-2017<br>2502230_INF.13_2016-2017<br>2502230_INF.14_2016-2017<br>5419_INF.21_2016-2017<br>2502230_INF.22_2016-2017<br>2502230_INF.23_2016-2017 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2502230_P.Ind_2016-2017 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 2502230_E15_2016-2017 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5419_E16_2016-2017 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4 |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5419_I6-I7_2016-2017 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5419_I6-I7_2016-2017 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 2502230_INF.13_2016-2017<br>2502230_INF.14_2016-2017 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de | 5419_I10_2016-2017 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | Web do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Web do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Listaxe en PDF carpeta Informes: E20 Listaxe Practicum.pdf |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Listaxe en PDF carpeta Informes: I11-Centros asignados Practicum.pdf |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Portal do Estudante |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Listaxe en PDF carpeta Informes: E24TFG16-17.pdf |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 2502230_INF.15_2016-2017 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6 |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7 |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 2502230_P.Ind_2016-2017<br>2502230_INF.17_2016-2017<br>2502230_INF.18_2016-2017<br>2502230_INF.19_2016-2017<br>2502230_Inf._SIIU(1)_2016_17<br>2502230_Inf._SIIU(2)_2016_17 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 2502230_P.Ind_2016-2017<br>2502230_INF.CiUG_2016-2017 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 2502230 _EIL-SIIU_2015-2016 |

| MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| **MODIFICACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| O 27 de outubro de 2016 causa baixa, a petición propia, como docente a persoa que viña exercendo como coordinadora de Título | Foi necesario realizar unha modificación do POD das materias impartidas por esta docente asimesmo foi necesario o nomeamento dunha nova coordinadora de título e a reasignación de coordinacións de curso. No primeiro cuadrimestre asignouse a súa docencia a profesorado do centro. (Criterio 6.1) |
| Contratación de dous novos profesores que se incorporán no segundo cuadrimestre | De cara ao 2º cuadrimestre fixose a selección e contratación de profesorado para asumir a docencia neste período que correspondía á docente que causou baixa no primeiro cuadrimestre |
| Cambio de docente da materia *Dereito e Administración Pública*, de 2º curso | O profesor responsable da docencia causou baixa por xubilación no centro e a súa docencia foi asignada a outro profesor o que supuxo a ampliación da súa adicación ao centro |
| Derivado do Informe Final de Acreditación, e dentro dos prazos fixados pola USC, presentouse a declaración de intencións para modificar a MVT (20/01/2017) CT-015-4novembro | Con data 28 de abril de 2017 envíase por correo electrónico ao SXOPRA texto coa proposta de modificación da memoria do título de Grao en Traballo Social de Santiago (AM-6 curso 2016-2017) CT-09-7abril |